



CONCELLOS

COSPEITO

Anuncio

Aprobado polo Pleno da Corporación Municipal de Cospeito (Lugo), en sesión celebrada o 1 de decembro de 2022, o expediente de transferencia de crédito entre partidas de distinta área de gasto, co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de Gastos

FINANCIAMENTO

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
161	22100	Energía eléctrica	28.730,97	25.000,00	83.730,97
322	16002	Seguridad Social	800,00	2.500,00	3.300,00
342	22799	Otros traballos realizados por outras empresas	1.000,00	17.600,00	18.600,00
453	16000	Seguridad Social	38.736,00	2.500,00	41.236,00
453	22199	Otros suministros	8.000,00	34.300,00	42.300,00
453	61900	Inversiones de reposición	35.000,00	500,00	35.500,00
924	22103	Combustibles y carburantes	2.000,00	15.600,00	17.900,00
TOTAL			144.266,97	98.000,00	242.566,97

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
231	22799	Otros traballos realizados por outras empresas	760.000,00	38.000,00	722.000,00
231	600	Inversiones en terrenos	35.000,00	5.000,00	30.000,00
943	46300	A Mancomunidad	70.000,00	55.000,00	15.000,00
231	22799	TOTAL	865.000,00	98.000,00	767.000,00

En cumprimento do disposto nos artigos 179 y 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 40, 41 e 42 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, expónse ó público na Secretaría Municipal deste Concello por un período de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o referido prazo os interesados lexitimados, segundo o previsto no artículo 170.1 da citada Lei de Facendas Locais e por algún dos motivos taxativamente enumerados no número 2 de dito artigo 170, poderán presentar reclamacións no Rexistro Xeral do Concello de Cospeito ante o Pleno da Corporación. O acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo se no citado prazo non se presentara reclamación ou suxerencia algunha; en caso contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Cospeito, 2 de decembro de 2022.- O Alcalde, Armando Castosa Alvarinho.

R. 3579

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, o límite de gasto non financeiro, o orzamento xeral e o cadro de persoal do Concello para a exercicio 2023, en sesión celebrada o día 07 de decembro de 2022, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Real Decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto

Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante ese prazo poderán os interesados formular as reclamacións que estimen pertinentes.

No caso de que transcorrido o prazo de información pública non se tivesen presentado reclamacións, o Orzamento considerárase definitivamente aprobado. En caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Cospeito, 7 de decembro de 2022.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 3611

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

AMPLIACIÓN DA LISTA DE AGARDA PARA AS VACANTES OU AUSENCIAS QUE NA ESPECIALIDADE DE PIANO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL MESTRE IBÁÑEZ, SE POIDAN DAR.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/11/2022 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de CINCO (5) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 15 de novembro de 2022.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 3532

OUIROL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía nº 267/2022, aprobáronse as Bases Xerais que rexerán xunto coas Bases Específicas as convocatorias dos procesos selectivos excepcionais correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Ouiról incluídas na oferta de emprego público extraordinaria da Lei 20/2021.

Por Resolución de Alcaldía nº 269/2022, aprobouse a convocatoria excepcional e as Bases Específicas para o ingreso como persoal funcionario de carreira/persoal laboral fixo no Concello de Ouiról de vintedúas (22) prazas denominadas: Arquitecto/a Municipal (1) – Traballador/a Social (1) – Educador/a Familiar (1) – Operario/a de Servizos Municipais (con carné de conducir B) (1) – Conductor/a Tractorista Desbrozador – Oficial 3ª (1) – Conductor/a de Camión – Oficial 1ª (1) – Enxeñeiro/a de Montes (1) – Encargado/a de Instalacións Municipais (1) – Técnico/a de Servizos Xerais (1) – Animador/a Sociocultural (1) – Promotor/a de Turismo (1) – Bibliotecario/a (1) – Auxiliar de Axuda a Domicilio (xornada completa) (3) – Auxiliar de Axuda a Domicilio (xornada parcial) (1) – Auxiliar de Axuda a domicilio (xornada parcial – fins de semana e festivos) (1) – Limpador/a de Edificios Municipais (xornada parcial) (1) – Limpador/a (xornada parcial) (1) – Axente de Emprego e Desenvolvemento local / Técnico de emprego (1) – Fisioterapeuta (1) – Operario/a de Servizos Municipais (con carné de conducir C) (1), prazas incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público), polo sistema de concurso.

As Bases xerais aprobadas son, literalmente transcritas, as que seguen:

BASES XERAIS QUE REXERÁN XUNTO COAS BASES ESPECÍFICAS AS CONVOCATORIAS DOS PROCESOS SELECTIVOS EXCEPCIONAIS CORRESPONDENTES ÁS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN DO CONCELLO DE OUIROL INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DA LEI 20/2021

PRIMEIRA.- CONTIDO E AMBITO DE APLICACIÓN

Estas Bases Xerais teñen por obxecto regular os aspectos comúns aos procesos selectivos para cubrir as prazas de traballo vacantes nos cadros de persoal funcionario e persoal laboral fixo do Concello de Ouiról que estiveran ocupadas con carácter temporal con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016 de conformidade coas Disposicións Adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, relativas ao proceso excepcional de estabilización do emprego temporal de longa duración.

As especificidades de cada proceso selectivo serán reguladas nas bases específicas das prazas que se convoquen.

As presentes Bases Xerais serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Oourol (<https://concellodeourol.sedelectronica.es>), enviándose extracto da convocatoria e das bases ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

SEGUNDA.- PRAZAS A CONVOCAR

As prazas vacantes que rexerán estas bases son as previstas na oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal ao abeiro da Lei 20/2021, de 28 de decembro, aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Oourol, en sesión ordinaria celebrada o día 10 de maio de 2022 e publicada no BOP nº 113 de data de 19 de maio de 2022, coa excepción das prazas que vaian por concurso-oposición que non se rexerán por estas bases xerais e que se regularán polo establecido nas bases xerais e específicas que regulen ditas prazas.

Previamente á publicación de cada convocatoria, se informará ao traballador/a afectado polo proceso de estabilización que se vai a convocar a súa praza e de que pode participar no referido proceso de selección.

O número de prazas a estabilizar, a súa denominación e características relacionanse a continuación:

PERSOAL FUNCIONARIO

DENOMINACIÓN	GRUPO/SUBGRUPO	ESCALA	SUBESCALA	VACANTES	PROVISIÓN	XORNADA
Arquitecto/a municipal	A1	Administración Especial	Técnica	1	Concurso	Parcial

PERSOAL LABORAL

DENOMINACIÓN	Nº VACANTES	PROVISIÓN	DURACIÓN XORNADA
Traballador/a Social	1	Concurso	Xornada Completa
Educador/a Familiar	1	Concurso	Xornada Completa
Operario/a de servizos municipais	1	Concurso	Xornada Completa
Conductor/a tractorista desbrozador. Oficial 3ª	1	Concurso	Xornada Completa
Conductor de camión. Oficial 1ª	1	Concurso	Xornada Completa
Enxeñeiro/a de Montes	1	Concurso	Xornada Completa
Encargado/a de instalacións municipais	1	Concurso	Xornada Completa
Técnico/a de Servizos Xerais	1	Concurso	Xornada Completa
Animador/a Sociocultural	1	Concurso	Xornada Completa
Promotor/a de Turismo	1	Concurso	Xornada Completa
Bibliotecario/a	1	Concurso	Xornada Completa
Auxiliar de axuda a domicilio	3	Concurso	Xornada Completa
Auxiliar de axuda a domicilio	1	Concurso	Xornada Parcial
Auxiliar de axuda a domicilio	1	Concurso	Xornada Parcial (fins de semana e festivos)
Limpador/a de edificios municipais	1	Concurso	Xornada Parcial
Limpador/a	1	Concurso	Xornada Parcial

Axente de emprego e desenvolvemento local / Técnico de emprego	1	Concurso	Xornada Completa
Fisioterapeuta	1	Concurso	Xornada Completa
Operario/a de servizos municipais	1	Concurso	Xornada Completa

O persoal laboral ao servizo do Concello de Ourel clasificarase por Grupos/Subgrupos de clasificación ao obxecto de homoxeneizar co persoal funcionario en función da titulación e demais requisitos esixidos para o acceso á praza, así como das aptitudes profesionais e contido xeral

TERCEIRA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

1.- Con carácter xeral, para ser admitidos nestes procesos extraordinarios de estabilización de emprego, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, sen prexuízo do que establezan as respectivas bases específicas:

- a) Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do Texto Refundido da Lei reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuir ou estar en condicións de obter o día que remate o prazo de presentación de instancias, a titulación esixida nas bases específicas que rixan cada convocatoria. No caso de titulacións obtidas no extranxeiro deberase estar en posesión da correspondente convalidación ou credencial que acredite a homologación, certificada pola Administración competente.
- d) Posuir a capacidade funcional e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das tarefas habituais e funcións da praza a que aspira.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que estivese separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos o acceso ó emprego público.
- f) Posuir un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua Galega correspondente a cada proceso de selección, que se especificará nas bases específicas. Os que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega.
- g) Ter ingresado na conta bancaria do Concello de Ourel, a cantidade fixada como dereitos de exame, de conformidade co establecido na base 5ª das presentes bases.
- h) Cumprir os demais requisitos esixidos para o ingreso nas respectivas bases específicas.

2.- Todos os requisitos sinalados nesta base deberán posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo de presentación de solicitudes e consévalos ata o momento da toma de posesión como persoal funcionario ou da contratación como persoal laboral fixo.

CUARTA.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas nestas bases deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Ourel, cos datos persoais do solicitante, co seu enderezo e a denominación da praza convocada á que opta, irá acompañada de orixinal ou fotocopia compulsada dos seguintes documentos:

- Documento Nacional de Identidade (DNI), pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo de nacionalidade co alcance do establecido no art. 57 do TREBEP.
- Titulación académica oficial esixida nas bases específicas da convocatoria correspondente.
- Nivel de galego esixido nas bases específicas da convocatoria correspondente.
- Acreditación documental dos méritos que se vaian a presentar.
- Acreditación de pago de taxas de dereito de exame.

O modelo normalizado de instancia a empregar para participar nos procesos selectivos das prazas convocadas nestas bases xerais inclúese nestas bases xerais como Anexo I e atoparase a disposición dos/as interesados/as na Sede Electrónica do Concello de Ourel así como nas Oficinas do Rexistro do Concello de Ourel.

Deberase presentar unha solicitude para cada un dos procesos selectivos nos que se queira participar.

Neste senso, no devandito concurso só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias.

Para ser admitido nas probas selectivas correspondentes os aspirantes deberán manifestar nas súa instancia de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación. Os/As aspirantes exentos do exame de galego deberán tamén facelo constar na súa instancia e xustificalo co certificado oficial correspondente.

No caso de equivalencia ou homologación de titulacións deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas. No caso de esixencia de habilitacións profesionais deberá acreditarse co correspondente certificado expedido polo organismo competente.

De acordo co establecido nos artigos 59 do TREBEP e no Real Decreto legislativo 1/2013 de 29 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e a súa inclusión social, no presente proceso serán admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións.

Os/As aspirantes discapacitados deberán presentar certificación expedida polo órgano competente da súa Comunidade Autónoma ou da Administración do Estado, que acredite a dita condición, así como a súa capacidade para desempeñar as tarefas correspondentes ás prazas obxecto da presente convocatoria.

No seu caso o tribunal de selección establecerá, para as persoas con discapacidade que o soliciten, as adaptacións posibles de tempo e medios, para a realización de probas, debendo a tal efecto presentar a petición correspondente na solicitude de participación na convocatoria específica.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determine a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

QUINTA.- DEREITOS DE EXAME

Será requisito necesario para participar nestas probas selectivas, aboar, dentro do prazo de presentación de instancias a cantidade de 3,00 € en concepto de Taxas de Dereito de Exame de acordo ao establecido na Ordenanza Fiscal nº 1 reguladora da Taxa por expedición de documentos e tramitación administrativa a instancia de parte do Concello de Ourense (BOP nº 035 de 13/02/2016).

O/A solicitante aportará xunto coa súa instancia, orixinal ou copia compulsada do documento de transferencia ou ingreso.

A conta na que se deberá realizar o ingreso é a seguinte:

ABANCA: ES62 2080 0131 7931 1000 0012

SEXTA.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

O prazo para presentar as solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Ourense ou a través da sede electrónica do Concello de Ourense (<https://concellodeourol.sedelectronica.es>), así como en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de ser certificadas. Neste caso os/as aspirantes deberán comunicalo mediante fax (982-559002) ou e-mail (concellodeourol@concellodeourol.es) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública. En caso de non realizar esta comunicación, vía fax ou correo electrónico, quedarán excluídas do procedemento de selección.

As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse no prazo sinalado a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que llas remitirán seguidamente ó organismo competente.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

SÉTIMA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, declarando aprobada a lista de admitidos/as e excluídos/as, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Ourense.

Os/As aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación da listaxe provisional no BOP, para presentar alegacións. De non presentarse alegacións a listaxe

provisional, considerarase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de cinco (5) días hábiles dende a publicación da resolución aprobatoria no BOP. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoa ou desestimándoa coa publicación da lista definitiva no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Ourense.

Contra a resolución da Alcaldía, aprobando a lista definitiva, poderase interpoñer, alternativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso administrativo de Lugo no prazo de dous meses, segundo os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio. Todo isto, sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen oportuno.

OITAVA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros dos tribunais cualificadores de cada unha das distintas probas selectivas convocadas serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no artigo 55.1.c) e d) e artigo 60 do Texto Refundido da Lei 7/2007 do Estatuto do Empregado Público. O Tribunal cualificador constituírse atendendo aos principios de imparcialidade, profesionalidade e especialidade, en función da dispoñibilidade de recursos.

Cada un dos tribunais cualificadores estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes: presidente/a, secretario/a e tres vogais, procurando na medida do posible a paridade entre homes e mulleres. A súa composición será predominantemente técnica e os seus membros deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para a que se precise titulación igual ou superior a esixida para o acceso aos postos convocados.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ningún.

Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual, en virtude do disposto no artigo 59.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Cada tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

A designación dos membros integrantes do Tribunal Cualificador efectuarase por Decreto de Alcaldía de conformidade coa composición prevista na presente base da convocatoria e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Ourense.

Os/As membros dos tribunais deberán absterese de intervir, comunicándolle ó presidente cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), ou cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando conorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da LRXSP.

O Tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe a Alcaldía para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose válidamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes, en todo caso requirirase a presenza do/da presidente/a e do/da secretario/a titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva da cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na LRXSP e ás bases xerais e ás específicas reguladoras de cada convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos.

Cada Tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario para que os aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para realizaren os exercicios ás do resto dos demais aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

En caso de ausencia das persoas que desempeñen a presidencia ou a secretaría, tanto do titular como do suplente, actuará no seu lugar a persoa designada en primeira orde.

Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal aos efectos de percepción de indemnizacións por asistencia como membros dos tribunais, estes terán a categoría que lles corresponda, segundo o establecido no Real Decreto 462/2002, do 24 de marzo.

NOVENA.- SISTEMA DE SELECCIÓN

De conformidade coa Disposición adicional sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para redución da temporalidade no emprego público as Administracións Públicas convocarán con carácter excepcional e de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do TREBEP, polo sistema de concurso, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estivesen ocupadas con carácter temporal de con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

No dito concurso comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados polas persoas aspirantes.

A valoración dos méritos do sistema de concurso, en consonancia co proceso de estabilización de emprego temporal de longa duración obxecto da convocatoria, ten en conta maioritariamente a experiencia profesional no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate. Enténdese este aspecto como un factor fundamental a ter en conta nos méritos achegados polas persoas aspirantes indicativo do grao de coñecemento e a práctica no desenvolvemento das funcións propias do posto obxecto da convocatoria, así como dos procedementos, tarefas, condicións e medios necesarios para o seu axeitado desempeño. Os outros méritos valorados no concurso responden ás características e requisitos necesarios para o mellor desempeño do posto ao que se opta.

BAREMO DE MÉRITOS:

A puntuación máxima do concurso será de 50 puntos, establecéndose unha puntuación mínima de 15 puntos para superar o concurso.

Non se terán en conta nin será obxecto de valoración aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados na forma e con arranxo aos criterios e prazos sinalados nas presentes bases. Así aqueles que se acheguen ou acrediten fora do prazo sinalado serán considerados como méritos ou documentación achegada fora de prazo e polo tanto non susceptibles de valoración.

Méritos a valorar:

- EXPERIENCIA PROFESIONAL

A puntuación máxima deste apartado é de 30 puntos (60 %)

A)1 Criterios de Valoración da experiencia profesional:

Valorarase a experiencia profesional adquirida nas Administracións Públicas definidas no art. 2.3 da LRXSP, como persoal funcionario ou laboral, na mesma praza/posto/emprego que se convoca.

Non se valorará o tempo de servizos prestados como persoal eventual, bolseiro/a, becario/a, contrato de arrendamento de servizos nin as prácticas curriculares para a obtención de titulacións académicas.

O cálculo realizarase sumando o número de días dos períodos que se valoran, conforme os datos que figuran no informe de vida laboral, dividíndose o resultado entre trinta (30) e multiplicando o cociente, desprezando os decimais, pola puntuación que corresponda conforme se sinala no cadro de valoración da experiencia profesional A)2.

No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial a puntuación aplicarase segundo a porcentaxe de parcialidade, computando o tempo da concreta relación laboral que apareza sinalada no informe de vida laboral.

A)2 Cadro de Valoración da experiencia profesional:

APARTADO	ADMINISTRACIÓN	PUNTUACIÓN (Por cada 30 días de servizo)
A)2.1	Administración Local – Concello de Oroul	0,42
A)2.2	Outras Administracións Locais	0,25
A)2.3	Outras Administracións Públicas	0,15

A)3 Forma de acreditar a experiencia:

- Informe de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social actualizado, acompañado da certificación de servizos prestados expedida polo órgano competente, facendo constar a categoría profesional do posto de traballo ou da que se desprenda que desempeñou funcións vinculadas á categoría profesional obxecto da convocatoria, con expresión do tempo en que a desempeñou en cómputo total de días, meses ou anos traballados así como a relación xurídica que mantivo ou mantén na actualidade no desempeño da mesma. Será imprescindible ambos documentos para que a dita experiencia poida ser valorada.

- FORMACIÓN

A puntuación máxima deste apartado é de 20 puntos (40 %)

B)1 Criterios de Valoración da formación:

Valorarase a formación que cumpra os seguintes requisitos:

- Directamente relacionada coa función e tarefas que se desempeñan na praza/posto que se convoca.
- Adquirida a través de másteres propios, certificados de profesionalidade, cursos, xornadas, seminarios, congresos ou similares.
- Impartida dentro dos plans de formación das Deputacións Provinciais, da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), do Instituto Nacional de Administracións Públicas (INAP), das Escolas oficiais de formación similares do Estado, Comunidades Autónomas e Administración Local, nas universidades públicas ou privadas; as impartidas no marco do acordo de formación para o emprego das Administracións Públicas e as impartidas polos colexios profesionais e organizacións sindicais que versen sobre materias propias da súa especialidade.
- Valorarase a formación considerada transversal polo seu interese para todos os postos (lingua galega, os relacionados coa prevención de riscos, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán e os de contido ofimático e informático).
- Excepcionalmente, a xuízo do Tribunal, puntuaranse actividades formativas impartidas por outros organismos ou entidades públicas ou privadas, cando estean autorizadas e homologadas por un organismo público para realizar determinada formación, e se motive a decisión.

Non se valorará:

- As materias que formen parte de titulacións académicas oficiais.
- Contidos parciais de acción formativas.
- Materias que formen parte de cursos/masteres propios.
- Módulos ou unidades de competencia.
- Os módulos do certificado de profesionalidade que formen parte da titulación presentada para o acceso ao proceso selectivo

Os diplomas, certificados ou documentos que acrediten a realización de cursos deberán expresar a duración en horas e expresar con suficiente claridade o seu contido básico. Se non indican as horas de duración, non se outorgará puntuación.

No caso de que no certificado figuren créditos, para a valoración do mesmo debe figurar a súa equivalencia en horas.

Só se terán en conta os cursos de formación que se posúan na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes para o proceso selectivo, sen tomar en consideración os alegados con posterioridade á citada data.

No caso de que os documentos achegados non xustifiquen plenamente os méritos achegados, orixinando dúbidas para o órgano cualificador, non se terán en conta nin serán valorados nin puntuados.

B)2 Criterios de Valoración da formación:

A formación será valorada segundo sexa o grupo de titulación requirido para a praza á que se opta, as puntuacións por hora de cursos ata un máximo de 20 puntos, serán as seguintes:

- 1.- GRUPO A1: 0,05 puntos/hora
- 2.- GRUPO A2: 0,07 puntos/hora
- 3.- GRUPO B: 0,08 puntos/hora
- 3.- GRUPO C1: 0,10 puntos/hora
- 4.- GRUPO C2: 0,20 puntos/hora
- 5.- GRUPO AP: 1,34 puntos/hora

DÉCIMA.- COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece:

“(…) para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relación coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega”.

En cumprimento do sinalado no art. 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao exixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixa na base específica da praza a que se opta. Esta proba terá a duración de 30 minutos e cualificarase de “apto/a” ou “non apto/a”, quedarán eliminadas as persoas aspirantes que non acaden a cualificación de apto ou apta.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que teñan acreditado o coñecemento da lingua galega, mediante a presentación do correspondente certificado Celga que se esixa nas bases específicas da praza, ou documento equivalente, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

UNDÉCIMA.- CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

O Tribunal fixará a cualificación final que virá determinada polo resultado do concurso.

As cualificacións finais das/os aspirantes serán ordenadas con orde de prelación e publicadas no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello de Ourense (<https://concellodeourol.sedelectronica.es>). No prazo de tres (3) días hábiles seguintes á publicación, poderánse presentar reclamacións ou alegacións as mesmas, todo isto sen prexuízo dos prazos legalmente establecidos para interposición dos recursos que as/os lexitimamente interesados/as podan interponer na defensa dos seus intereses. Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as novas valoracións. De non estimarse, as valoracións provisionais consideraranse definitivas.

O Tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes aos dos postos convocados en cada proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta

- Maior puntuación (tendo en conta a puntuación máxima) obtida no baremo de méritos, no apartado EXPERIENCIA PROFESIONAL A)2.1
- Maior tempo de servizos temporais ininterrompidos aos que se refire a Lei 20/2021 (DA 6ª, acreditados e valorados polo Tribunal no apartado A)2.1 do baremo de méritos na praza que se convoca
- Maior puntuación (tendo en conta a puntuación máxima) obtida no baremo de méritos no apartado B) FORMACIÓN
- Maior idade da persoa aspirante

De manterse o empate aplicando os criterios anteriores, acudiríase ao sorteo.

DÉCIMO SEGUNDA.- RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES

As persoas aspirantes que resulten seleccionadas quedarán sometidas áo réxime de incompatibilidades vixente o non poderán compaxinar o desempeño do seu posto de traballo con calquera outros postos, prazas, cargos ou empregos públicos remunerados segundo o disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

DÉCIMO TERCEIRA.- ACHEGA DE DOCUMENTOS POR PARTE DAS PERSOAS PROPOSTAS PARA O NOMEAMENTO OU CONTRATACIÓN.

A relación de aprobados, publicada no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Ourense, conterá unha advertencia recordándolles aos opositores propostos para o nomeamento que deberán presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para accederen ao posto convocado.

Os aspirantes propostos achegarán, dentro do prazo de 10 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta de nomeamento ou contratación do Tribunal na sede electrónica do concello, os documentos acreditativos de capacidade e mais os requisitos esixidos na convocatoria:

- Documento nacional de identidade mediante copia compulsada.
- Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido para o ingreso.
- Certificado ou informe médico actualizado (considerarase actualizado se non ten unha antigüidade superior a tres meses) sen prexuízo dun posterior recoñecemento, de non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o normal exercicio das funcións propias da praza a desempeñar. No suposto de minusvalía deberá aportarse tamén o certificado acreditativo correspondente.
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo, de ser o caso.
- Fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social acompañada do orixinal, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliado.
- Certificación de conta bancaria.
- Calquera outro documento requirido nas bases específicas de cada convocatoria para participar no proceso selectivo debidamente compulsado.

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, os aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderá ser nomeado como funcionario de carreira ou como persoal laboral fixo, nin tampouco de so exame da documentación se deducise que carece dalgún requisito.

DÉCIMO CUARTA.- NOMEAMENTO E CONTRATACIÓN

Concluído o proceso selectivo, os/as aspirantes seleccionados, cun número que non poderá exceder en ningún caso ao dos postos convocados, serán nomeados funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, pola Alcaldía, unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso.

A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía, que ordenará a publicación da resolución dos nomeamentos ou contratacións no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa toma de posesión ou formalización do preceptivo contrato laboral fixo, unha vez que se practique a notificación persoal de nomeamento.

A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas na resolución da alcaldía para cubrir as prazas convocadas efectuarase no prazo máximo de 1 mes dende o día seguinte ao da publicación da citada resolución no BOP.

Falta de toma de posesión/ou sinatura do contrato: Entenderase que renuncia ao cargo quen, sen causa xustificada, non tomara posesión ou asinara o contrato dentro do prazo sinalado.

O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1.c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión ou da formalización do contrato.

DÉCIMO QUINTA.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

Estas bases xerais vincularán ó Concello de Oroul, os tribunais cualificadores e os/as aspirantes que participen nos procesos selectivos que sexan convocados a través das bases específicas da cada proceso selectivo.

DÉCIMO SEXTA.- RÉXIME XURÍDICO E NORMATIVA DE APLICACIÓN

O proceso selectivo suxeitarase ás presentes Bases Xerais e no que non estea previsto nestas, ao establecido nas seguintes normas:

- Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

E no que non se opoña á Lei 20/2021 resultará de aplicación:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).
- Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do Traballadores (ET).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local, a excepción dos art. 8 e 9 establecidos na disposición adicional primeira (medidas para o ámbito local) da Lei 20/2021.
- Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.
- Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común da Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDPC).
- Disposicións concordantes.

DÉCIMO SÉTIMA.- DISPOSICIÓN FINAL

Contra estas bases que poñen fin á vía administrativa e cantos actos administrativos deriven nas mesmas, poderase interpoñer, alternativamente, recurso de reposición potestativo no prazo dun mes dende a súa publicación ou notificación, ante a alcaldía, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas de, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso administrativo de Lugo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación ou da notificación da resolución do recurso de reposición ou da data en que este se entenda desestimado segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio. Todo isto, sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan interpor calquera outro recurso que estimen oportuno.

ANEXO I : MODELO DE SOLICITUDE

DATOS DA CONVOCATORIA	
PROCESO SELECTIVO: OE ESTABILIZACIÓN DA 6ª / 8ª LEI 20/2021 CONCURSO	
DENOMINACIÓN DA PRAZA	XORNADA

DATOS PERSOAIS		
1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
DNI	ENDEREZO	
LOCALIDADE	PROVINCIA	NACIONALIDADE
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACION		
TELEFONO	CORREO ELECTRÓNICO	

REQUISITOS PARTICIPACIÓN				
TITULACIÓN ACADÉMICA ESIXIDA	DISPOÑO DUN TÍTULO ACREDITATIVO DE LINGUA GALEGA:			
	SI		especificar cal:	NON

ADAPTACIÓN DE PROBAS (DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33 %)	
GRADO DE DISCAPACIDADE QUE CERTIFICA	ADAPTACIÓN/S QUE SOLICITA

RELACIÓN DE MÉRITOS: Relación de méritos alegados para a súa valoración na fase de CONCURSO, segundo a orde fixada na base novena das bases xerais, acompañada da documentación xustificativa dos mesmos.

• EXPERIENCIA PROFESIONAL

DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO/EMPREGO	ADMINISTRACIÓN PUBLICA	PERIODO SERVICIOS

• FORMACIÓN

DENOMINACIÓN ACCIÓN FORMATIVA	ENTIDADE QUE A IMPARTIU	HORAS

En caso de necesitar máis filas nalgún apartado, adiciónaranse as follas que sexan necesarias.

EXPOÑO:

A vista da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura da praza referenciada, incluída na oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización de emprego temporal do Concello de Oourol, publicada no BOP de Lugo nº 113 de 19 de maio de 2022:

DECLARO:

- Que reúno todas e cada unha das condicións que se esixen nas bases da convocatoria.
- Que posúo a capacidade funcional e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das tarefas habituais e funcións da praza a que aspiro.
- Que non teño sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que estivese separado ou inhabilitado
- Que os datos consignados neste modelo de solicitude son certos

Por todo iso, **SOLICITO:**

A miña participación no proceso selectivo de referencia de conformidade coas bases da convocatoria

Documentación que se achega xunto coa solicitude:

- Fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente.
- Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- Xustificante de ter aboados as taxas de dereitos de exame
- Documentación xustificativa dos méritos alegados.
- Título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega.
- Outros: (indicar):

En, a de de

Asdo.:

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUROL

PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016 (GDPR), informámoslle que os datos persoais, recollidos do propio interesado ou de fontes públicas, serán tratados baixo a responsabilidade do CONCELLO DE OUROL para o envío de comunicacións e xestión deste Concello, e conservaranse mentres exista un interese mútuo para elo. Os datos non serán comunicados a terceiros, salvo obriga legal. Informámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ó seu tratamento dirixíndose ó **Concello de Oourol, Ctra General, s/n 27865 Oourol (lugo) e-mail: concellodeourol@concellodeourol.es**. Si considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación ante a autoridade de control en www.agpd.es

Ourol, 30 de novembro de 2022.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

As Bases Específicas aprobadas son, literalmente transcritas, as que seguen:

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN XUNTO COAS BASES XERAIS A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE UNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A MUNICIPAL COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN DO CONCELLO DE OUROL INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DA LEI 20/2021

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por obxecto a regulación específica da convocatoria a través do procedemento de concurso, para a provisión en propiedade de unha praza de arquitecto/a municipal, prevista no cadro de persoal funcionario do Concello de Ourol e que foi obxecto de inclusión na Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal ao abeiro da Lei 20/2021, de 28 de decembro (BOP nº 113 de 19/05/2022).

O proceso selectivo réxese polo establecido nas presentes bases específicas e nas bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Ourol, incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria da Lei 20/2021.

Trátase dunha praza de carácter estrutural, que está vacante e dotada orzamentariamente, cuxa cobertura é necesaria, e que cumpre cos requisitos para a estabilización do emprego temporal de longa duración sinalados na Disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

Nº de prazas: 1

Relación Xurídica: Persoal funcionario do Concello de Ourol

Denominación da praza: Arquitecto/a Municipal

Escala: Administración Especial

Subescala: Técnica

Grupo/Subgrupo de clasificación da praza: A/A1

Xornada: Parcial (50 %)

TERCEIRA.- FUNCÍONS

As funcións a desenvolver na praza de Arquitecto/a Municipal serán, en términos xenéricos, as seguintes:

- Organizar o servizo técnico e urbanístico.
- Emitir informes técnicos e/ou urbanísticos que expresamente requiran os órganos municipais.
- Asesoramento en xeral en materia urbanística.
- Elaborar as memorias valoradas que se requiran.
- Asumir a dirección técnica de obras municipais que non requiran informe técnico.
- Realizar valoracións de obras.
- Manter un servizo de atención ao público respecto a consultas en materia urbanística.
- Informar expedientes relacionados coa materia urbanística.
- Calquera outras que estando dentro das súas atribucións lle sexan requiridas polos servizos municipais.

CUARTA.- REQUISITOS ESPECIFICOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitido neste proceso extraordinario de estabilización de emprego os/as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nas bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Ourol incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria da Lei 20/2021 e os requisitos específicos que se indican a continuación:

Requisitos específicos:

Grupo/Subgrupo de clasificación da praza: Agrupación Profesional (AP)

Xornada: Parcial (8 horas/día, os sábados, domingos e festivos, tanto os de carácter nacional, autonómico como local)

TERCEIRA.- FUNCÍONS

As funcións dos/das auxiliares de axuda a domicilio serán as recollidas no artigo 4º da ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Oourol publicada no BOP nº 132, de 11 de xuño de 2014 e na Orde do 22 de xaneiro de 2009 da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicada no DOG nº 22 de 2 de febreiro de 2009 polas que se regulan o dito servizo.

CUARTA.- REQUISITOS ESPECIFICOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitido neste proceso extraordinario de estabilización de emprego os/as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nas bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Oourol incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria da Lei 20/2021 e os requisitos específicos que se indican a continuación:

Requisitos específicos:

- a) Titulación: De conformidade co acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, do 19 de outubro de 2017, as persoas que realicen as funcións de asistencia persoal a persoas en situación de dependencia previstas no artigo 19 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia, e o persoal auxiliar de axuda a domicilio, deberán acreditar a cualificación profesional de atención socio-sanitaria a persoas no domicilio, establecida polo Real Decreto 295/2004, do 20 de febreiro, segundo se determina na normativa que a desenvolve. Para estes efectos, consideraranse os seguintes títulos e certificados:
- Título de técnico/a en coidados auxiliares de enfermería, establecido polo Real Decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a auxiliar de clínica, técnico auxiliar de psiquiatría e técnico auxiliar de enfermería que se establecen no Real Decreto 777/1998, do 30 de abril ou, no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
 - Título de técnico/a en atención a persoas en situación de dependencia, regulado polo Real Decreto 1593/2011, de 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a de atención socio-sanitaria, establecido polo Real Decreto 496/2003, do 2 de maio ou, no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
 - Certificado de profesionalidade de atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, regulado polo Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou, no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.
 - Certificado de profesionalidade de atención socio-sanitaria a persoas no domicilio, regulado polo Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda a domicilio, regulado no Real Decreto 331/1997, do 7 de marzo ou, no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

A parte de estar en posesión dalgunha destas cualificacións esixibles non será necesario estar en posesión de ningunha outra titulación académica oficial.

- b) Estar en posesión do carné de conducir tipo B
- c) Estar en posesión do nivel de CELGA 2, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e Orde do 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da Lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da Lingua Galega requirida, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega, segundo o previsto na base décima das bases xerais do proceso de estabilización, que cualificará ao/á aspirante como apto ou non apto.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos na data na que remate o prazo de presentación de instancias e deberanse manter ata o momento do seu nomeamento.

QUINTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO

O sistema selectivo empregado será o de concurso de méritos. A articulación e cualificación dos méritos levarase a cabo de acordo ao establecido nas bases xerais que regularán xunto coas bases específicas as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do concello de Ourense, incluídas na oferta de emprego público extraordinaria da Lei 20/2021

SEXTA.- INCIDENCIAS E RÉXIME DE RECURSOS

Contra estas bases específicas, que poñen fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade coas artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo ou desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do recurso potestativo de reposición ou en que este se deba entender desestimado.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.

Ourol, 30 de novembro de 2022.- o alcalde, José Luis Pajón Camba

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN XUNTO COAS BASES XERAIS A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE UNHA PRAZA DE LIMPADOR/A DE EDIFICIOS MUNICIPAIS (XORNADA PARCIAL) COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN DO CONCELLO DE OUROL INCLÚIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DA LEI 20/2021

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por obxecto a regulación específica da convocatoria a través do procedemento de concurso, para a provisión en propiedade de unha praza de limpador/a de edificios municipais (xornada parcial), prevista no cadro de persoal laboral fixo do Concello de Ourol e que foi obxecto de inclusión na Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal ao abeiro da Lei 20/2021, de 28 de decembro (BOP nº 113 de 19/05/2022).

O proceso selectivo réxese polo establecido nas presentes bases específicas e nas bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Ourol, incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria da Lei 20/2021.

Trátase dunha praza de carácter estrutural, que está vacante e dotada orzamentariamente, cuxa cobertura é necesaria, e que cumpre cos requisitos para a estabilización do emprego temporal de longa duración sinalados na Disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

Nº de prazas: 1

Relación Xurídica: Persoal laboral fixo do Concello de Ourol

Denominación da praza: Limpador/a de Edificios Municipais

Grupo/Subgrupo de clasificación da praza: Agrupación Profesional (AP)

Xornada: Parcial (62,50 %)

TERCEIRA.- FUNCÍONS

As funcións a desenvolver na praza de Limpador/a de Edificios Municipais serán, en términos xenéricos, as seguintes:

- Limpeza diaria de todos os edificios e instalacións municipais que sexan encomendadas a este servizo.
- Traballos de limpeza en profundidade dos centros dependentes do concello.
- Limpeza de instalacións e dependencias municipais.
- Calquera outra, directamente relacionada co posto de traballo, que lle poda ser asignada pola persoa responsable.

CUARTA.- REQUISITOS ESPECIFICOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitido neste proceso extraordinario de estabilización de emprego os/as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nas bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Ourol incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria da Lei 20/2021 e os requisitos específicos que se indican a continuación:

Requisitos específicos:

- a) Titulación: De acordo co apartado c) do art. 135, do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e coa disposición adicional sexta do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto do empregado público (EBEP), non será necesario estar en posesión de ningunha titulación académica oficial.
- b) Estar en posesión do nivel de CELGA 2, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e Orde do 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da Lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da Lingua Galega requirida, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo

de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega, segundo o previsto na base décima das bases xerais do proceso de estabilización, que cualificará ao/á aspirante como apto ou non apto.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos na data na que remate o prazo de presentación de instancias e deberanse manter ata o momento do seu nomeamento.

QUINTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO

O sistema selectivo empregado será o de concurso de méritos. A articulación e cualificación dos méritos levarase a cabo de acordo ao establecido nas bases xerais que regularán xunto coas bases específicas as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do concello de Oourol, incluídas na oferta de emprego público extraordinaria da Lei 20/2021

SEXTA.- INCIDENCIAS E RÉXIME DE RECURSOS

Contra estas bases específicas, que poñen fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade coas artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo ou desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do recurso potestativo de reposición ou en que este se deba entender desestimado.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.

Oourol, 30 de novembro de 2022.- o alcalde, José Luis Pajón Camba

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN XUNTO COAS BASES XERAIS A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE UNHA PRAZA DE LIMPADOR/A (XORNADA PARCIAL) COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN DO CONCELLO DE OOUROL INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DA LEI 20/2021

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por obxecto a regulación específica da convocatoria a través do procedemento de concurso, para a provisión en propiedade de unha praza de limpador/a (xornada parcial), prevista no cadro de persoal laboral fixo do Concello de Oourol e que foi obxecto de inclusión na Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal ao abeiro da Lei 20/2021, de 28 de decembro (BOP nº 113 de 19/05/2022).

O proceso selectivo réxese polo establecido nas presentes bases específicas e nas bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Oourol, incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria da Lei 20/2021.

Trátase dunha praza de carácter estrutural, que está vacante e dotada orzamentariamente, cuxa cobertura é necesaria, e que cumpre cos requisitos para a estabilización do emprego temporal de longa duración sinalados na Disposición adicional oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

Nº de prazas: 1

Relación Xurídica: Persoal laboral fixo do Concello de Oourol

Denominación da praza: Limpador/a

Grupo/Subgrupo de clasificación da praza: Agrupación Profesional (AP)

Xornada: Parcial (50 %)

TERCEIRA.- FUNCÍONS

As funcións a desenvolver na praza de Limpador/a serán, en termos xenéricos, as seguintes:

- Limpeza diaria de todos os edificios e instalacións municipais que sexan encomendadas a este servizo.
- Traballos de limpeza en profundidade dos centros dependentes do concello.
- Limpeza de instalacións e dependencias municipais.
- Calquera outra, directamente relacionada co posto de traballo, que lle poda ser asignada pola persoa responsable.

CUARTA.- REQUISITOS ESPECIFICOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitido neste proceso extraordinario de estabilización de emprego os/as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nas bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Ourense incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria da Lei 20/2021 e os requisitos específicos que se indican a continuación:

Requisitos específicos:

- a) Titulación: De acordo co apartado c) do art. 135, do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril; polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e coa disposición adicional sexta do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto do empregado público (EBEP), non será necesario estar en posesión de ningunha titulación académica oficial.
- b) Estar en posesión do nivel de CELGA 2, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e Orde do 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da Lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da Lingua Galega requirida, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega, segundo o previsto na base décima das bases xerais do proceso de estabilización, que cualificará ao/á aspirante como apto ou non apto.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos na data na que remate o prazo de presentación de instancias e deberanse manter ata o momento do seu nomeamento.

QUINTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO

O sistema selectivo empregado será o de concurso de méritos. A articulación e cualificación dos méritos levarase a cabo de acordo ao establecido nas bases xerais que regularán xunto coas bases específicas as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do concello de Ourense, incluídas na oferta de emprego público extraordinaria da Lei 20/2021

SEXTA.- INCIDENCIAS E RÉXIME DE RECURSOS

Contra estas bases específicas, que poñen fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade coas artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo ou desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do recurso potestativo de reposición ou en que este se deba entender desestimado.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.

Ourense, 30 de novembro de 2022.- o alcalde, José Luis Pajón Camba

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN XUNTO COAS BASES XERAIS A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE UNHA PRAZA DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL / TÉCNICO DE EMPREGO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN DO CONCELLO DE OURENSE INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DA LEI 20/2021

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por obxecto a regulación específica da convocatoria a través do procedemento de concurso, para a provisión en propiedade de unha praza de axente de emprego e desenvolvemento local / técnico de emprego, prevista no cadro de persoal laboral fixo do Concello de Ourense e que foi obxecto de inclusión na Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal ao abeiro da Lei 20/2021, de 28 de decembro (BOP nº 113 de 19/05/2022).

O proceso selectivo réxese polo establecido nas presentes bases específicas e nas bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Ourense, incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria da Lei 20/2021.

Trátase dunha praza de carácter estrutural, que está vacante e dotada orzamentariamente, cuxa cobertura é necesaria, e que cumpre cos requisitos para a estabilización do emprego temporal de longa duración sinalados na Disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

Nº de prazas: 1

Relación Xurídica: Persoal laboral fixo do Concello de Ourense

Denominación da praza: Axente de Emprego e Desenvolvemento Local / Técnico de Emprego

Grupo/Subgrupo de clasificación da praza: A/A2

Xornada: Completa

TERCEIRA.- FUNCIÓNS

As funcións a desenvolver na praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local / Técnico de Emprego serán, en termos xenéricos, as seguintes:

- Prospección de recursos ociosos e infrautilizados, de proxectos empresariais, de promoción económica local e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego no ámbito local, identificando novas actividades económicas a posibles persoas emprendedoras, así como prospección das necesidades de persoal das empresas co obxecto de identificar novos nichos de emprego.
- Difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre as persoas desempregadas, promotoras e emprendedoras, así como institucións colaboradoras, levando a cabo acción de sensibilización cara a promoción dunha maior conciencia empresarial como oportunidade de emprego.
- Acompañamento técnico no inicio de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos, asesorando e informado sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e, en xeral, sobre os plans de lanzamento das empresas.
- Apoio as persoas promotoras das empresas, unha vez constituídas estas, acompañándoos tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento, mediante a aplicación de técnicas de consultoría en xestión empresarial e asistencia nos procesos formativos adecuados para contribuir á boa marcha das empresas creadas.
- Calquera outra que contribúa á promoción e implantación de políticas activas de emprego, relacionadas fundamentalmente coa creación de actividade empresarial.

CUARTA.- REQUISITOS ESPECIFICOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitido neste proceso extraordinario de estabilización de emprego os/as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nas bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Ourense incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria da Lei 20/2021 e os requisitos específicos que se indican a continuación:

Requisitos específicos:

- a) Titulación: De acordo co apartado c) do art. 135, do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril; polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do art. 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto do empregado público (TREBEP), será necesario estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas oficiais:
 - Titulación universitaria de grao, licenciatura, diplomatura ou equivalente (de conformidade co disposto na Disposición Adicional quinta da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia) dunha titulación da rama de coñecemento de ciencias sociais e xurídicas:
 - Dereito
 - Ciencias Políticas.
 - Administración e Dirección de Empresas
 - Ciencias Empresariais
 - Ciencias Económicas
 - Ciencias do Traballo
 - Graduado Social

- Relacións Laborais
- Titulacións académicas de licenciatura, diplomatura ou grao universitario que teñan sido admitidas nas convocatorias de axudas da Xunta de Galicia para o exercicio, nas EELL, do posto de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local/Técnico de Emprego.

A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderáse exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas

- b) Estar en posesión do nivel de CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e Orde do 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da Lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da Lingua Galega requerida, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega, segundo o previsto na base décima das bases xerais do proceso de estabilización, que cualificará ao/á aspirante como apto ou non apto.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos na data na que remate o prazo de presentación de instancias e deberanse manter ata o momento do seu nomeamento.

QUINTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO

O sistema selectivo empregado será o de concurso de méritos. A articulación e cualificación dos méritos levarase a cabo de acordo ao establecido nas bases xerais que regularán xunto coas bases específicas as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do concello de Oourol, incluídas na oferta de emprego público extraordinaria da Lei 20/2021

SEXTA.- INCIDENCIAS E RÉXIME DE RECURSOS

Contra estas bases específicas, que poñen fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade coas artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo ou desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do recurso potestativo de reposición ou en que este se deba entender desestimado.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.

Oourol, 30 de novembro de 2022.- o alcalde, José Luis Pajón Camba

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN XUNTO COAS BASES XERAIS A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE UNHA PRAZA DE FISIOTERAPEUTA COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN DO CONCELLO DE OOUROL INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DA LEI 20/2021

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por obxecto a regulación específica da convocatoria a través do procedemento de concurso, para a provisión en propiedade de unha praza de fisioterapeuta, prevista no cadro de persoal laboral fixo do Concello de Oourol e que foi obxecto de inclusión na Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal aoabeiro da Lei 20/2021, de 28 de decembro (BOP nº 113 de 19/05/2022).

O proceso selectivo réxese polo establecido nas presentes bases específicas e nas bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Oourol, incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria da Lei 20/2021.

Trátase dunha praza de carácter estrutural, que está vacante e dotada orzamentariamente, cuxa cobertura é necesaria, e que cumpre cos requisitos para a estabilización do emprego temporal de longa duración sinalados na Disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

Nº de prazas: 1

Relación Xurídica: Persoal laboral fixo do Concello de Ouro

Denominación da praza: Fisioterapeuta

Grupo/Subgrupo de clasificación da praza: A/A2

Xornada: Completa

TERCEIRA.- FUNCIONS

As funcións a desenvolver na praza de Fisioterapeuta serán, en termos xenéricos, as seguintes:

- Prestación asistencial rehabilitadora a aqueles usuarios que acuden ao Centro de Fisioterapia de Ouro, facilitándolles a terapia rehabilitadora e médico funcional apropiada a cada caso.
- Xestión de programas de fomento de saúde comunitaria.
- Organización de grupos de traballo entre pacientes.
- Creación e xestión de comunicación do Servizo de Fisioterapia.
- Traballo en equipo cos departamentos do concello, para potenciar o servizo e como achegalo á comunidade.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

CUARTA.- REQUISITOS ESPECIFICOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitido neste proceso extraordinario de estabilización de emprego os/as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nas bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Ouro incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria da Lei 20/2021 e os requisitos específicos que se indican a continuación:

Requisitos específicos:

a) Titulación: De acordo co apartado c) do art. 135, do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do art. 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto do empregado público (TREBEP), será necesario estar en posesión da seguinte titulación académica oficial:

- Titulación universitaria de Grao ou Diplomatura en Fisioterapia ou equivalente.

A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderáse exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas

b) Estar en posesión do nivel de CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e Orde do 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da Lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da Lingua Galega requirida, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega, segundo o previsto na base décima das bases xerais do proceso de estabilización, que cualificará ao/á aspirante como apto ou non apto.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos na data na que remate o prazo de presentación de instancias e deberanse manter ata o momento do seu nomeamento.

QUINTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO

O sistema selectivo empregado será o de concurso de méritos. A articulación e cualificación dos méritos levarase a cabo de acordo ao establecido nas bases xerais que regularán xunto coas bases específicas as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do concello de Ouro, incluídas na oferta de emprego público extraordinaria da Lei 20/2021

SEXTA.- INCIDENCIAS E RÉXIME DE RECURSOS

Contra estas bases específicas, que poñen fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da

publicación deste acordo, de conformidade coas artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo ou desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do recurso potestativo de reposición ou en que este se deba entender desestimado.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.

Ourol, 30 de novembro de 2022.- o alcalde, José Luis Pajón Camba

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN XUNTO COAS BASES XERAIS A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE UNHA PRAZA DE OPERARIO/A DE SERVIZOS MUNICIPAIS (CON CARNÉ DE CONDUCIR C) COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN DO CONCELLO DE OUROL INCLÚIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DA LEI 20/2021

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por obxecto a regulación específica da convocatoria a través do procedemento de concurso, para a provisión en propiedade de unha praza de operario/a de servizos municipais (con carné de conducir C), prevista no cadro de persoal laboral fixo do Concello de Ourol e que foi obxecto de inclusión na Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal aoabeiro da Lei 20/2021, de 28 de decembro (BOP nº 113 de 19/05/2022).

O proceso selectivo réxese polo establecido nas presentes bases específicas e nas bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Ourol, incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria da Lei 20/2021.

Trátase dunha praza de carácter estrutural, que está vacante e dotada orzamentariamente, cuxa cobertura é necesaria, e que cumpre cos requisitos para a estabilización do emprego temporal de longa duración sinalados na Disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

Nº de prazas: 1

Relación Xurídica: Persoal laboral fixo do Concello de Ourol

Denominación da praza: Operario/a de Servizos Municipais

Grupo/Subgrupo de clasificación da praza: C/C2

Xornada: Completa

TERCEIRA.- FUNCIONES

As funcións a desenvolver na praza de Operario/a de Servizos Municipais serán, en termos xenéricos, as seguintes:

- Limpeza, mantemento, coidado e xestión de uso dos edificios e instalacións municipais.
- Limpeza e desbroce de vías públicas, coidado e arranxo de parques e xardíns, espazos públicos e zonas de ocio, así como pequenas obras de reparación de estos e do mobiliario urbano municipal.
- Condución do camión motobomba municipal contra incendios.
- Control, manexo, condución e mantemento de vehículos e maquinaria do concello.
- Supervisión de obras e servizos que se realicen no municipio.
- Apoio a outros servizos municipais cando así sexa requirido.
- Calquera outra que se desprenda dos diferentes servizos municipais e acorde coa súa cualificación, non relacionada anteriormente, que lle encomendé a autoridade municipal no exercicio das súas funcións

CUARTA.- REQUISITOS ESPECIFICOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitido neste proceso extraordinario de estabilización de emprego os/as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nas bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Ourol incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria da Lei 20/2021 e os requisitos específicos que se indican a continuación:

Requisitos específicos:

- a) Titulación: De acordo co apartado c) do art. 135, do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril; polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei

30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do art. 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto do empregado público (TREBEP), será necesario estar en posesión da seguinte titulación académica oficial:

- Titulación: Graduado Escolar, Graduado/a en Educación Secundaria Obligatoria, Formación Profesional de primeiro grao (FP I), ou equivalente

A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderáse exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas

- b) Estar en posesión do carné de conducir tipo C
- c) Estar en posesión do nivel de CELGA 2, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e Orde do 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da Lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da Lingua Galega requirida, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega, segundo o previsto na base décima das bases xerais do proceso de estabilización, que cualificará ao/á aspirante como apto ou non apto.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos na data na que remate o prazo de presentación de instancias e deberanse manter ata o momento do seu nomeamento.

QUINTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO

O sistema selectivo empregado será o de concurso de méritos. A articulación e cualificación dos méritos levarase a cabo de acordo ao establecido nas bases xerais que regularán xunto coas bases específicas as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do concello de Ourense, incluídas na oferta de emprego público extraordinaria da Lei 20/2021

SEXTA.- INCIDENCIAS E RÉXIME DE RECURSOS

Contra estas bases específicas, que poñen fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade coas artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo ou desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do recurso potestativo de reposición ou en que este se deba entender desestimado.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.

Ourense, 30 de novembro de 2022.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 3533

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía nº 268/2022, aprobáronse as Bases Xerais que rexerán xunto coas Bases Específicas as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal (art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro) polo sistema de concurso-oposición no Concello de Ourense incluídas na oferta de emprego público extraordinaria da Lei 20/2021.

Por Resolución de Alcaldía nº 270/2022, aprobouse a convocatoria e as Bases Específicas para o ingreso como persoal laboral fixo no Concello de Ourense de catro (4) prazas denominadas: Auxiliar de Axuda a Domicilio (xornada completa) (1) - Auxiliar de Axuda a Domicilio (xornada parcial) (2) - Limpador/a de Edificios Municipais (1), prazas incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 taxa adicional de estabilización de emprego temporal (art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público), polo sistema de concurso - oposición

As Bases xerais aprobadas son, literalmente transcritas, as que seguen:

BASES XERAIS QUE REXERÁN XUNTO COAS BASES ESPECÍFICAS AS CONVOCATORIAS DOS PROCESOS SELECTIVOS CORRESPONDENTES ÁS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO) POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN NO CONCELLO DE OUROL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DA LEI 20/2021

PRIMEIRA.- CONTIDO E AMBITO DE APLICACIÓN

Estas Bases Xerais teñen por obxecto regular os aspectos comúns aos procesos selectivos para cubrir as prazas de traballo vacantes nos cadros de persoal laboral fixo do Concello de Oourol, aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, cuxas prazas foron incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) publicada no BOP nº 113 de data de 19 de maio de 2022.

As especificidades de cada proceso selectivo serán reguladas nas bases específicas das prazas que se convoquen.

As presentes Bases Xerais serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Oourol (<https://concellodeourol.sedelectronica.es>), enviándose extracto da convocatoria e das bases ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

SEGUNDA.- PRAZAS A CONVOCAR

As prazas vacantes que rexerán estas bases son as previstas na oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal ao abeiro da Lei 20/2021, de 28 de decembro, aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Oourol, en sesión ordinaria celebrada o día 10 de maio de 2022 e publicada no BOP nº 113 de data de 19 de maio de 2022, coa excepción das prazas que vaian por concurso que non se rexerán por estas bases xerais e que se regularán polo establecido nas bases xerais e específicas que regulen ditas prazas.

Previamente á publicación de cada convocatoria, se informará ao traballador/a afectado polo proceso de estabilización que se vai a convocar a súa praza e de que pode participar no referido proceso de selección.

O número de prazas a estabilizar, a súa denominación e características relacionanse a continuación:

PERSOAL LABORAL

DENOMINACIÓN	Nº VACANTES	PROVISIÓN	DURACIÓN XORNADA
Auxiliar de Axuda a domicilio	1	Concurso-Oposición	Xornada Completa
Auxiliar de Axuda a domicilio	2	Concurso-Oposición	Xornada Parcial
Limpador/a de edificios municipais	1	Concurso-Oposición	Xornada Completa

O persoal laboral ao servizo do Concello de Oourol clasificarase por Grupos/Subgrupos de clasificación ao obxecto de homoxeneizar co persoal funcionario en función da titulación e demais requisitos esixidos para o acceso á praza, así como das aptitudes profesionais e contido xeral

TERCEIRA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

1.- Con carácter xeral, para ser admitidos nestes procesos de extraordinarios de estabilización de emprego, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, sen prexuízo do que establezan as respectivas bases específicas:

a) Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do Texto Refundido da Lei reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuir ou estar en condicións de obter o día que remate o prazo de presentación de instancias, a titulación esixida nas bases específicas que rixan cada convocatoria. No caso de titulacións obtidas no extranxeiro deberase estar en posesión da correspondente convalidación ou credencial que acredite a homologación, certificada pola Administración competente.

d) Posuir a capacidade funcional e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das tarefas habituais e funcións da praza a que aspira.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que

estivese separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

f) Posuir un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua Galega correspondente a cada proceso de selección, que se especificará nas bases específicas. Os que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega.

g) Ter ingresado na conta bancaria do Concello de Oourol, a cantidade fixada como dereitos de exame, de conformidade co establecido na base 5ª das presentes bases.

h) Cumprir os demais requisitos esixidos para o ingreso nas respectivas bases específicas.

2.- Todos os requisitos sinalados nesta base deberán posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo de presentación de solicitudes e consérvalos ata o momento da toma de posesión como persoal laboral fixo.

CUARTA.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas nestas bases deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Oourol, cos datos persoais do solicitante, co seu enderezo e a denominación da praza convocada á que opta, irá acompañada de orixinal ou fotocopia compulsada dos seguintes documentos:

- Documento Nacional de Identidade (DNI), pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo de nacionalidade co alcance do establecido no art. 57 do TREBEP.
- Titulación académica oficial esixida nas bases específicas da convocatoria correspondente.
- Nivel de galego esixido nas bases específicas da convocatoria correspondente.
- Acreditación documental dos méritos que se vaian a presentar.
- Acreditación de pago de taxas de dereito de exame.

O modelo normalizado de instancia a empregar para participar nos procesos selectivos das prazas convocadas nestas bases xerais inclúese nestas bases xerais como Anexo I e atoparase a disposición dos/as interesados/as na Sede Electrónica do Concello de Oourol así como nas Oficinas do Rexistro do Concello de Oourol.

Deberase presentar unha solicitude para cada un dos procesos selectivos nos que se queira participar.

Neste senso, na fase de concurso só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias.

Para ser admitido nas probas selectivas correspondentes os aspirantes deberán manifestar nas súa instancia de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación. Os/As aspirantes exentos do exame de galego deberán tamén facelo constar na súa instancia e xustificalo co certificado oficial correspondente.

No caso de equivalencia ou homologación de titulacións deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas. No caso de esixencia de habilitacións profesionais deberá acreditarse co correspondente certificado expedido polo organismo competente.

De acordo co establecido nos artigos 59 do TREBEP e no Real Decreto lexislativo 1/2013 de 29 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e a súa inclusión social, no presente proceso serán admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións.

Os/As aspirantes discapacitados deberán presentar certificación expedida polo órgano competente da súa Comunidade Autónoma ou da Administración do Estado, que acredite a dita condición, así como a súa capacidade para desempeñar as tarefas correspondentes ás prazas obxecto da presente convocatoria.

No seu caso o tribunal de selección establecerá, para as persoas con discapacidade que o soliciten, as adaptacións posibles de tempo e medios, para a realización de probas, debendo a tal efecto presentar a petición correspondente na solicitude de participación na convocatoria específica.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determine a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

QUINTA.- DEREITOS DE EXAME

Será requisito necesario para participar nestas probas selectivas, aboar, dentro do prazo de presentación de instancias a cantidade de 3,00 € en concepto de Taxas de Dereito de Exame de acordo ao establecido na

Ordenanza Fiscal nº 1 reguladora da Taxa por expedición de documentos e tramitación administrativa a instancia de parte do Concello de Ourol (BOP nº 035 de 13/02/2016).

O/A solicitante aportará xunto coa súa instancia, orixinal ou copia compulsada do documento de transferencia ou ingreso.

A conta na que se deberá realizar o ingreso é a seguinte:

ABANCA: ES62 2080 0131 7931 1000 0012

SEXTA.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

O prazo para presentar as solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Ourol ou a través da sede electrónica do Concello de Ourol (<https://concellodeourol.sedelectronica.es>), así como en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de ser certificadas. Neste caso os/as aspirantes deberán comunicalo mediante fax (982-559002) ou e-mail (concellodeourol@concellodeourol.es) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública. En caso de non realizar esta comunicación, vía fax ou correo electrónico, quedarán excluídas do procedemento de selección.

As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse no prazo sinalado a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que llas remitirán seguidamente ó organismo competente.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

SÉTIMA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, declarando aprobada a lista de admitidos/as e excluídos/as, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Ourol.

Os/As aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación da listaxe provisional no BOP, para presentar alegacións. De non presentarse alegacións a listaxe provisional, considerarase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de cinco (5) días hábiles dende a publicación da resolución aprobatoria no BOP. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoa ou desestimándoa coa publicación da lista definitiva no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Ourol.

Contra a resolución da Alcaldía, aprobando a lista definitiva, poderase interpoñer, alternativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso administrativo de Lugo no prazo de dous meses, segundo os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio. Todo isto, sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan interpor calquera outro recurso que estimen oportuno.

OITAVA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros dos tribunais cualificadores de cada unha das distintas probas selectivas convocadas serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no artigo 55.1.c) e d) e artigo 60 do Texto Refundido da Lei 7/2007 do Estatuto do Empregado Público. O Tribunal cualificador constituirase atendendo aos principios de imparcialidade, profesionalidade e especialidade, en función da dispoñibilidade de recursos.

Cada un dos tribunais cualificadores estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes: presidente/a, secretario/a e tres vogais, procurando na medida do posible a paridade entre homes e mulleres. A súa composición será predominantemente técnica e os seus membros deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para a que se precise titulación igual ou superior a esixida para o acceso aos postos convocados.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual, en virtude do disposto no artigo 59.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Cada tribunal poderá disponer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

A designación dos membros integrantes do Tribunal Cualificador efectuarase por Decreto de Alcaldía de conformidade coa composición prevista na presente base da convocatoria e publicarse no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Oroul.

Os/As membros dos tribunais deberán absterese de intervir, comunicándolle ó presidente cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), ou cando realizen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da LRXSP.

O Tribunal cualificador deberá constituirse na data que designe a Alcaldía para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose válidamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes, en todo caso requirirase a presenza do/da presidente/a e do/da secretario/a titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na LRXSP e ás bases xerais e ás específicas reguladoras de cada convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos.

Cada Tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario para que os aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para realizen os exercicios ás do resto dos demais aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

En caso de ausencia das persoas que desempeñen a presidencia ou a secretaría, tanto do titular como do suplente, actuará no seu lugar a persoa designada en primeira orde.

Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal aos efectos de percepción de indemnizacións por asistencia como membros dos tribunais, estes terán a categoría que lles corresponda, segundo o establecido no Real Decreto 462/2002, do 24 de marzo.

NOVENA.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de concurso-oposición, segundo o establecido no art. 2.4 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, no que se terá en conta maioritariamente a experiencia no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate.

A calificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma da calificación da puntuación da fase de oposición e da obtida na fase de concurso.

A valoración dos méritos na fase de concurso, terá en conta maioritariamente a experiencia profesional no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate. Enténdese este aspecto como un factor fundamental a ter en conta nos méritos achegados polas persoas aspirantes indicativo do grao de coñecemento e a práctica no desenvolvemento das funcións propias do posto obxecto da convocatoria, así como dos procedementos, tarefas, condicións e medios necesarios para o seu axeitado desempeño. Os outros méritos valorados no concurso responden ás características e requisitos necesarios para o mellor desempeño do posto ao que se opta.

Conforme ao previsto no artigo 2.4 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade do emprego público: A fase de oposición constituirá o 60 % do total do proceso, sendo do 40 % a fase de concurso.

FASE DE OPOSICIÓN: 60 % do proceso selectivo

A puntuación máxima da fase de oposición é de 30 puntos, sendo necesario para superar esta fase obter un mínimo de 15 puntos.

Esta fase constará de dous exercicios, un cuestionario tipo test e outro de resolución dun suposto práctico relativo as funcións do posto, ambos con carácter obrigatorio e non eliminatorio, sen prexuízo da proba específica de coñecemento da lingua galega, que só será obrigatoria para os/as aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido.

A data e lugar de realización do primeiro exercicio da fase de oposición publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Ourense. Unha vez publicada a data de realización do primeiro exercicio, non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios no BOP. A citación para a celebración das restantes probas realizarase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Ourense.

O Tribunal cualificador poderá realizar os exercicios de forma sucesiva, sempre que así se anuncie ao rematar cada un dos exercicios anteriores ao obxecto de axilizar os procedementos selectivos.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, aínda que o mesmo teña que dividirse en varias sesións, debendo asistir os aspirantes á sesión á que teñan sido convocados, sendo excluídos da oposición que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

O día de realización do primeiro exercicio as persoas aspirantes deberán presentar o seu DNI, NIE, pasaporte, permiso de condución ou documento acreditativo oficial na nacionalidade que, a xuízo do Tribunal, acredite a súa identidade.

Respecto aos aspirantes que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % e que solicitaron na súa solicitude adaptacións de tempo e/ou medios de realización dos exercicios/probas necesarias para participar nas probas selectivas, o Tribunal adaptará estas adaptacións solicitadas, a fin de garantir a igualdade de oportunidades co resto de persoas aspirantes, sempre que con elo non se desvirtúe o contido da proba nin se reduza ou mengue o nivel de aptitude esixible na mesma. Estas adaptacións realizaranse conforme ao previsto na Orde PRE/1822/2006, de 9 de xuño.

As mulleres embarazadas que preveñan a coincidencia do parto coa data de realización da proba polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, e xuntarán coa comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro dos dous (2) días hábiles seguintes ao anuncio da data da proba e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do Tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O Tribunal cualificador decidirá en cada caso, con fundamento na información de que dispoña, se procede ou non realizar os exercicios/probas nun lugar alternativo ou ben realízalo/a noutra data, ou ámbalas medidas conxuntamente. Non se admitirá recurso a respecto das decisións do Tribunal nesta cuestión, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

iv. Primeiro exercicio: Obrigatorio e non eliminatorio

Consistirá na constatación por escrito dun cuestionario tipo test, de 15 preguntas con 4 respostas alternativas, das cales só unha delas é a correcta.

Establécense 3 preguntas máis de reserva para posibles anulacións.

O temario sobre o que versará a fase de oposición (o cuestionario tipo test e a proba práctica) establecerase como Anexo I nas bases específicas correspondentes a cada praza á que se opta.

O tempo para a realización deste exercicio será de 45 minutos.

Este primeiro exercicio será calificado de 0 a 15 puntos. Cada resposta correcta puntuarase con 1 punto. As respostas incorrectas non penalizarán.

v. Segundo exercicio: Obrigatorio e non eliminatorio

Consistirá na resolución dun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no temario que se adxunta como Anexo I das bases específicas correspondentes a praza a que se opta, nun caso concreto que responda ás funcións ou tarefas da praza que se convoca.

Este suposto práctico simulará un suposto que poida darse no desempeño do posto que se convoca e poderá consistir na realización material do mesmo ou na indicación do itinerario a seguir (fases, trámites, solucións a problemas, etc) na realización do mesmo, materializando ou sinalando algunha destas fases. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 45 minutos, e puntuarase ata un máximo de 15 puntos.

O Tribunal terá plena liberdade en canto a elección das tarefas co fin de garantir a máxima adecuación ao contido do posto de traballo, así como en relación aos criterios de puntuación e valoración da mesma.

O Tribunal poderá optar pola lectura pública do exercicio e, neste caso, o Tribunal poderá dialogar coas aspirantes co fin de determinar os seus coñecementos sobre a materia, así como pedir calquera outra explicación complementaria.

Criterios de puntuación: O Tribunal fixará os criterios de puntuación da proba práctica, informando ás persoas aspirantes antes da realización da mesma.

Puntuación mínima para continuar no procedemento selectivo: As persoas aspirantes que se presentasen ao primeiro e segundo exercicio, deberán alcanzar entre os dous a puntuación mínima de 15 puntos para continuar no procedemento selectivo, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non alcanzasen a dita puntuación.

Coñecemento da lingua galega:

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece:

“(…) para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relación coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega”.

Os/As aspirantes deberán posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente á praza a estabilizar e que se describe nas correspondentes bases específicas de cada posto. Os/As aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento e que se realizará a aquelas persoas que non posuían o título acreditativo de galego con anterioridade a convocatoria. A tales efectos, estes aspirantes deberán sinalar na súa solicitude de participación en dito proceso selectivo esta circunstancia.

A proba de coñecemento da lingua galega, obrigatoria e eliminatória, realizarase unha vez finalizada a fase de oposición a aquelas persoas que alcanzaron a puntuación mínima para continuar no procedemento selectivo logo de finalizar os dous exercicios da fase de oposición e consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido correponderá ao exixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se exixa na base específica correspondente a cada posto. Esta proba terá a duración de 30 minutos e cualificarase de “apto/a” ou “non apto/a”, quedarán eliminadas as persoas aspirantes que non acaden a cualificación de apto ou apta.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido en cada base específica.

FASE DE CONCURSO: 40 % do proceso selectivo

Valoraranse os méritos das persoas aspirantes que alcancen a puntuación mínima de 15 puntos entre o primeiro e segundo exercicio e acrediten ou obteñan o resultado de apto na proba de galego.

BAREMO DE MÉRITOS:

A puntuación máxima do concurso será de 20 puntos.

Non se terán en conta nin será obxecto de valoración aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados na forma e con arranxo aos criterios e prazos sinalados nas presentes bases. Así aqueles que se achegen ou acrediten fora do prazo sinalado serán considerados como méritos ou documentación achegada fora de prazo e polo tanto non susceptibles de valoración.

Méritos a valorar:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL

A puntuación máxima deste apartado é de 18 puntos (90 %)

A)1 Criterios de Valoración da experiencia profesional:

Valorarase a experiencia profesional adquirida nas Administracións Públicas definidas no art. 2.3 da LRXSP, como persoal funcionario ou laboral, na mesma praza/posto/emprego que se convoca.

Non se valorará o tempo de servizos prestados como persoal eventual, bolseiro/a, becario/a, contrato de arrendamento de servizos nin as prácticas curriculares para a obtención de titulacións académicas.

O cálculo realizarase sumando o número de días dos períodos que se valoran, conforme os datos que figuran no informe de vida laboral, dividíndose o resultado entre trinta (30) e multiplicando o cociente, desprezando os decimais, pola puntuación que corresponda conforme se sinala co cadro de valoración da experiencia profesional A)2.

No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial a puntuación aplicarase segundo a porcentaxe de parcialidade, computando o tempo da concreta relación laboral que apareza sinalada no informe de vida laboral.

A)2 Cadro de Valoración da experiencia profesional:

APARTADO	ADMINISTRACIÓN	PUNTUACIÓN (Por cada 30 días de servizo)
A)2.1	Administración Local – Concello de Oourol	0,32
A)2.2	Outras Administracións Locais	0,16
A)2.3	Outras Administracións Públicas	0,10

A)3 Forma de acreditar a experiencia:

- Informe de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social actualizado, acompañado da certificación de servizos prestados expedida polo órgano competente, facendo constar a categoría profesional do posto de traballo ou da que se desprenda que desempeñou funcións vinculadas á categoría profesional obxecto da convocatoria, con expresión do tempo en que a desempeñou en cómputo total de días, meses ou anos traballados así como a relación xurídica que mantivo ou mantén na actualidade no desempeño da mesma. Será imprescindible ambos documentos para que a dita experiencia poida ser valorada.

B) FORMACIÓN

A puntuación máxima deste apartado é de 2 puntos (10 %)

B)1 Criterios de Valoración da formación:

Valorarase a formación que cumpra os seguintes requisitos:

- Directamente relacionada coa función e tarefas que se desempeñan na praza/posto que se convoca.
- Adquirida a través de másteres propios, certificados de profesionalidade, cursos, xornadas, seminarios, congresos ou similares.
- Impartida dentro dos plans de formación das Deputacións Provinciais, da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), do Instituto Nacional de Administracións Públicas (INAP), das Escolas oficiais de formación similares do Estado, Comunidades Autónomas e Administración Local, nas universidades públicas ou privadas; as impartidas no marco do acordo de formación para o emprego das Administracións Públicas e as impartidas polos colexios profesionais e organizacións sindicais que versen sobre materias propias da súa especialidade.
- Valorarase a formación considerada transversal polo seu interese para todos os postos (lingua galega, os relacionados coa prevención de riscos, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán e os de contido ofimático e informático).
- Excepcionalmente, a xuízo do Tribunal, puntuaranse actividades formativas impartidas por outros organismos ou entidades públicas ou privadas, cando estean autorizadas e homologadas por un organismo público para realizar determinada formación, e se motive a decisión.

Non se valorará:

- As materias que formen parte de titulacións académicas oficiais.
- Contidos parciais de acción formativas.
- Materias que formen parte de cursos/masteres propios.
- Módulos ou unidades de competencia.
- Os módulos do certificado de profesionalidade que formen parte da titulación presentada para o acceso ao proceso selectivo

Os diplomas, certificados ou documentos que acrediten a realización de cursos deberán expresar a duración en horas e expresar con suficiente claridade o seu contido básico. Se non indican as horas de duración, non se outorgará puntuación.

No caso de que no certificado figuren créditos, para a valoración do mesmo debe figurar a súa equivalencia en horas.

Só se terán en conta os cursos de formación que se posúan na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes para o proceso selectivo, sen tomar en consideración os alegados con posterioridade á citada data.

No caso de que os documentos achegados non xustifiquen plenamente os méritos achegados, orixinando dúbidas para o órgano cualificador, non se terán en conta nin serán valorados nin puntuados.

B)2 Criterios de Valoración da formación:

A formación será valorada segundo sexa o grupo de titulación requirido para a praza á que se opta, as puntuacións por hora de cursos ata un máximo de 2 puntos, serán as seguintes:

- 1.- GRUPO A1: 0,005 puntos/hora
- 2.- GRUPO A2: 0,007 puntos/hora
- 3.- GRUPO B: 0,008 puntos/hora
- 3.- GRUPO C1: 0,01 puntos/hora
- 4.- GRUPO C2: 0,020 puntos/hora
- 5.- GRUPO AP: 0,134 puntos/hora

DÉCIMA.- CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso elaborando unha listaxe, ordenada da maior a menor puntuación.

As cualificacións finais das/os aspirantes serán ordenadas con orde de prelación e publicadas no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello de Ourense (<https://concellodeourol.sedelectronica.es>). No prazo de tres (3) días hábiles seguintes á publicación, poderánse presentar reclamacións ou alegacións as mesmas, todo isto sen prexuízo dos prazos legalmente establecidos para interposición dos recursos que as/os lexitimamente interesados/as podan interpor na defensa dos seus intereses. Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as novas valoracións. De non estimarse, as valoracións provisionais consideraranse definitivas.

O Tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes aos dos postos convocados en cada proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta:

- Maior puntuación (tendo en conta a puntuación máxima) obtida no baremo de méritos, no apartado EXPERIENCIA PROFESIONAL A)2.1
- Maior tempo de servizos temporais ininterrompidos aos que se refire a Lei 20/2021 acreditados e valorados polo Tribunal no apartado A)2.1 do baremo de méritos na praza que se convoca.
- Maior puntuación (tendo en conta a puntuación máxima) obtida no baremo de méritos no apartado B) FORMACIÓN
- Maior puntuación obtida no segundo exercicio da fase de oposición. (cuestionario test)
- Maior puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición. (suposto práctico)
- Maior idade da persoa aspirante

De manterse o empate aplicando os criterios anteriores, acudiríase ao sorteo.

UNDÉCIMA.- RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES

As persoas aspirantes que resulten seleccionadas quedarán sometidas áo réxime de incompatibilidades vixente o non poderán compaxinar o desempeño do seu posto de traballo con calquera outros postos, prazas, cargos ou empregos públicos remunerados segundo o disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

DECIMO SEGUNDA.- ACHEGA DE DOCUMENTOS POR PARTE DAS PERSOAS PROPOSTAS PARA O NOMEAMENTO OU CONTRATACIÓN.

A relación de aprobados, publicada no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Ourense, conterá unha advertencia recordándolles aos opositores propostos para o nomeamento que deberán presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para accederen ao posto convocado.

Os aspirantes propostos chegarán, dentro do prazo de 10 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta de nomeamento ou contratación do Tribunal na sede electrónica do concello, os documentos acreditativos de capacidade e mais os requisitos esixidos na convocatoria:

- Documento nacional de identidade mediante copia compulsada.
- Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido para o ingreso.
- Certificado ou informe médico actualizado (considerarase actualizado se non ten unha antigüidade superior a tres meses) sen prexuízo dun posterior recoñecemento, de non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o normal exercicio das funcións propias da praza a desempeñar. No suposto de

minusvalía deberá aportarse tamén o certificado acreditativo correspondente.

- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo, de ser o caso.
- Fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social acompañada do orixinal, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliado.
- Certificación de conta bancaria.
- Calquera outro documento requirido nas bases específicas de cada convocatoria para participar no proceso selectivo debidamente compulsado.

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, os aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderá ser nomeado como funcionario de carreira ou como persoal laboral fixo, nin tampouco de so exame da documentación se deducise que carece dalgún requisito.

DÉCIMO TERCEIRA.- NOMEAMENTO E CONTRATACIÓN

Concluído o proceso selectivo, os/as aspirantes seleccionados, cun número que non poderá exceder en ningún caso ao dos postos convocados, serán nomeados como persoal laboral fixo, pola Alcaldía, unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso.

A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía, que ordenará a publicación da resolución dos nomeamentos ou contratacións no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa toma de posesión ou formalización do preceptivo contrato laboral fixo, unha vez que se practique a notificación persoal de nomeamento.

A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas na resolución da alcaldía para cubrir as prazas convocadas efectuarase no prazo máximo de 1 mes dende o día seguinte ao da publicación da citada resolución no BOP.

Falta de toma de posesión/ou sinatura do contrato: Entenderase que renuncia ao cargo quen, sen causa xustificada, non tomara posesión ou asinara o contrato dentro do prazo sinalado.

O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1.c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión ou da formalización do contrato.

DÉCIMO CUARTA.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

Estas bases xerais vincularán ó Concello de Ourense, os tribunais cualificadores e os/as aspirantes que participen nos procesos selectivos que sexan convocados a través das bases específicas de cada proceso selectivo.

DÉCIMO QUINTA.- RÉXIME XURÍDICO E NORMATIVA DE APLICACIÓN

O proceso selectivo suxeitarase ás presentes Bases Xerais e no que non estea previsto nestas, ao establecido nas seguintes normas:

- Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

E no que non se opoña á Lei 20/2021 resultará de aplicación:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).
- Real Decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do Traballadores (ET).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local, a excepción dos art. 8 e 9 establecidos na disposición adicional primeira (medidas para o ámbito local) da Lei 20/2021.

- Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.
- Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCC).
- Disposicións concordantes.

DÉCIMO SEXTA.- DISPOSICIÓN FINAL

Contra estas bases que poñen fin á vía administrativa e cantos actos administrativos deriven nas mesmas, poderase interpoñer, alternativamente, recurso de reposición potestativo no prazo dun mes dende a súa publicación ou notificación, ante a alcaldía, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas de, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso administrativo de Lugo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación ou da notificación da resolución do recurso de reposición ou da data en que este se entenda desestimado segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio. Todo isto, sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan interpor calquera outro recurso que estimen oportuno.

ANEXO I : MODELO DE SOLICITUDE

DATOS DA CONVOCATORIA	
PROCESO SELECTIVO: OE ESTABILIZACIÓN ART. 2 LEI 20/2021	
CONCURSO - OPOSICIÓN	
DENOMINACIÓN DA PRAZA	XORNADA

DATOS PERSOAIS		
1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
DNI	ENDEREZO	
LOCALIDADE	PROVINCIA	NACIONALIDADE
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACION		
TELEFONO	CORREO ELECTRÓNICO	

REQUISITOS PARTICIPACIÓN			
TITULACIÓN ACADÉMICA ESIXIDA	DISPOÑO DUN TÍTULO ACREDITATIVO DE LINGUA GALEGA:		
	SI	especificar cal:	NON

ADAPTACIÓN DE PROBAS (DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33 %)	
GRADO DE DISCAPACIDADE QUE CERTIFICA	ADAPTACIÓN/S QUE SOLICITA

RELACIÓN DE MÉRITOS: Relación de méritos alegados para a súa valoración na fase de CONCURSO, segundo a orde fixada na base novena das bases xerais, acompañada da documentación xustificativa dos mesmos.		
• EXPERIENCIA PROFESIONAL		
DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO/EMPREGO	ADMINISTRACIÓN PUBLICA	PERIODO SERVIZOS

• FORMACIÓN		
DENOMINACIÓN ACCIÓN FORMATIVA	ENTIDADE QUE A IMPARTIU	HORAS

En caso de necesitar máis filas nalgún apartado, adiciónarase as follas que sexan necesarias.

Anuncio publicado en: Num BOP 280 año 2022 (09/12/2022 08:00:00)

EXPOÑO:

A vista da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura da praza referenciada, incluída na oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización de emprego temporal do Concello de Ourol, publicada no BOP de Lugo nº 113 de 19 de maio de 2022:

DECLARO:

- Que reúno todas e cada unha das condicións que se esixen nas bases da convocatoria.
- Que posúo a capacidade funcional e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das tarefas habituais e funcións da praza a que aspiro.
- Que non teño sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que estivese separado ou inhabilitado
- Que os datos consignados neste modelo de solicitude son certos

Por todo iso, **SOLICITO:**

A miña participación no proceso selectivo de referencia de conformidade coas bases da convocatoria

Documentación que se achega xunto coa solicitude:

- Fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente.
- Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- Xustificante de ter aboados as taxas de dereitos de exame
- Documentación xustificativa dos méritos alegados.
- Título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega.
- Outros: (indicar):

En, a de de

Asdo.:

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUROL

PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016 (GDPR), informámoslle que os datos persoais, recollidos do propio interesado ou de fontes públicas, serán tratados baixo a responsabilidade do CONCELLO DE OUROL para o envío de comunicacións e xestión deste Concello, e conservaranse mentres exista un interese mútuo para elo. Os datos non serán comunicados a terceiros, salvo obriga legal. Informámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ó seu tratamento dirixíndose ó **Concello de Ourol, Ctra General, s/n 27865 Ourol (Lugo) e-mail: concellodeourol@concellodeourol.es**. Si considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación ante a autoridade de control en www.agpd.es

Ourol, 30 de novembro de 2022.- o alcalde, Jose Luis Pajón Camba

As Bases específicas aprobadas son, literalmente transcritas, as que seguen:

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN XUNTO COAS BASES XERAIS A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE UNHA PRAZA DE AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO (XORNADA COMPLETA) COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO) POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN NO CONCELLO DE OUROL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DA LEI 20/2021

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por obxecto a regulación específica da convocatoria a través do procedemento de concurso - oposición, para a provisión en propiedade de unha praza de auxiliar de axuda a domicilio (xornada completa), prevista no cadro de persoal laboral fixo do Concello de Ourol e que foi obxecto de inclusión na Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal ao abeiro da Lei 20/2021, de 28 de decembro (BOP nº 113 de 19/05/2022).

O proceso selectivo réxese polo establecido nas presentes bases específicas e nas bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal (Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro) polo sistema de concurso-oposición, incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria da Lei 20/2021.

Trátase dunha praza de carácter estrutural, que está vacante e dotada orzamentariamente, cuxa cobertura é necesaria, e que cumpre cos requisitos para a estabilización do emprego temporal (Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

Nº de prazas: 1

Relación Xurídica: Persoal laboral fixo do Concello de Ourol

Denominación da praza: Auxiliar de Axuda a Domicilio

Grupo/Subgrupo de clasificación da praza: Agrupación Profesional (AP)

Xornada: Completa

TERCEIRA.- FUNCIÓNS

As funcións dos/das auxiliares de axuda a domicilio serán as recollidas no artigo 4º da ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Ourol publicada no BOP nº 132, de 11 de xuño de 2014 e na Orde do 22 de xaneiro de 2009 da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicada no DOG nº 22 de 2 de febreiro de 2009 polas que se regulan o dito servizo.

CUARTA.- REQUISITOS ESPECIFICOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitido neste proceso extraordinario de estabilización de emprego os/as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nas bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal (Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro) polo sistema de concurso-oposición, incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria da Lei 20/2021 e os requisitos específicos que se indican a continuación:

Requisitos específicos:

- a) Titulación: De conformidade co acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, do 19 de outubro de 2017, as persoas que realicen as funcións de asistencia persoal a persoas en situación de dependencia previstas no artigo 19 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia, e o persoal auxiliar de axuda a domicilio, deberán acreditar a cualificación profesional de atención socio-sanitaria a persoas no domicilio, establecida polo Real Decreto 295/2004, do 20 de febreiro, segundo se determina na normativa que a desenvolve. Para estes efectos, consideraranse os seguintes títulos e certificados:
 - Título de técnico/a en coidados auxiliares de enfermería, establecido polo Real Decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a auxiliar de clínica, técnico auxiliar de psiquiatría e técnico auxiliar de enfermería que se establecen no Real Decreto 777/1998, do 30 de abril ou, no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
 - Título de técnico/a en atención a persoas en situación de dependencia, regulado polo Real Decreto 1593/2011, de 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a de atención socio-sanitaria, establecido polo Real Decreto 496/2003, do 2 de maio ou, no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

- Certificado de profesionalidade de atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, regulado polo Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou, no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- Certificado de profesionalidade de atención socio-sanitaria a persoas no domicilio, regulado polo Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda a domicilio, regulado no Real Decreto 331/1997, do 7 de marzo ou, no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

A parte de estar en posesión dalgunha destas cualificacións esixibles non será necesario estar en posesión de ningunha outra titulación académica oficial.

b) Estar en posesión do carné de conducir tipo B

c) Estar en posesión do nivel de CELGA 2, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e Orde do 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da Lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da Lingua Galega requerida, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega, segundo o previsto na base décima das bases xerais do proceso de estabilización, que cualificará ao/á aspirante como apto ou non apto.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos na data na que remate o prazo de presentación de instancias e deberanse manter ata o momento do seu nomeamento.

QUINTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

O sistema selectivo empregado será o de concurso-oposición. A articulación, os exercicios e probas a realizar e a cualificación dos méritos levarase a cabo de acordo ao establecido nas bases xerais que rexerán xunto coas bases específicas as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal (Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro) polo sistema de concurso-oposición, incluídas na oferta de emprego público extraordinaria da Lei 20/2021

SEXTA.- INCIDENCIAS E RÉXIME DE RECURSOS

Contra estas bases específicas, que poñen fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade coas artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo ou desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do recurso potestativo de reposición ou en que este se deba entender desestimado.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.

ANEXO I

TEMARIO

- 1.- A Constitución Española, Principios Xerais, O Municipio, A organización municipal, Competencias municipais, Organización do Concello de Ourel
- 2.- Ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Ourel.
- 3.- Mantemento, limpeza e organización do domicilio de persoas dependentes.
- 4.- Hixiene postural, mobilizacións e transferencias.
- 5.- Características e necesidades de atención hixiénico sanitarias das persoas dependentes.

Ourel, 30 de novembro de 2022.- o alcalde, José Luis Pajón Camba

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN XUNTO COAS BASES XERAIS A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE DÚAS PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO (XORNADA PARCIAL) COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO) POLO SISTEMA DE CONCURSO – OPOSICIÓN NO CONCELLO DE OUIROL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DA LEI 20/2021

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por obxecto a regulación específica da convocatoria a través do procedemento de concurso - oposición, para a provisión en propiedade de dúas prazas de auxiliar de axuda a domicilio (xornada parcial), prevista no cadro de persoal laboral fixo do Concello de Ouiról e que foi obxecto de inclusión na Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal ao abeiro da Lei 20/2021, de 28 de decembro (BOP nº 113 de 19/05/2022).

O proceso selectivo réxese polo establecido nas presentes bases específicas e nas bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal (Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro) polo sistema de concurso-oposición, incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria da Lei 20/2021.

Trátase dunha praza de carácter estrutural, que está vacante e dotada orzamentariamente, cuxa cobertura é necesaria, e que cumpre cos requisitos para a estabilización do emprego temporal (Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

Nº de prazas: 2

Relación Xurídica: Persoal laboral fixo do Concello de Ouiról

Denominación da praza: Auxiliar de Axuda a Domicilio

Grupo/Subgrupo de clasificación da praza: Agrupación Profesional (AP)

Xornada: Parcial (75 %)

TERCEIRA.- FUNCIÓNS

As funcións dos/das auxiliares de axuda a domicilio serán as recollidas no artigo 4º da ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Ouiról publicada no BOP nº 132, de 11 de xuño de 2014 e na Orde do 22 de xaneiro de 2009 da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicada no DOG nº 22 de 2 de febreiro de 2009 polas que se regulan o dito servizo.

CUARTA.- REQUISITOS ESPECIFICOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitido neste proceso extraordinario de estabilización de emprego os/as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nas bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal (Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro) polo sistema de concurso-oposición, incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria da Lei 20/2021 e os requisitos específicos que se indican a continuación:

Requisitos específicos:

- a) Titulación: De conformidade co acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, do 19 de outubro de 2017, as persoas que realicen as funcións de asistencia persoal a persoas en situación de dependencia previstas no artigo 19 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia, e o persoal auxiliar de axuda a domicilio, deberán acreditar a cualificación profesional de atención socio-sanitaria a persoas no domicilio, establecida polo Real Decreto 295/2004, do 20 de febreiro, segundo se determina na normativa que a desenvolve. Para estes efectos, consideraranse os seguintes títulos e certificados:
- Título de técnico/a en coidados auxiliares de enfermería, establecido polo Real Decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a auxiliar de clínica, técnico auxiliar de psiquiatría e técnico auxiliar de enfermería que se establecen no Real Decreto 777/1998, do 30 de abril ou, no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
 - Título de técnico/a en atención a persoas en situación de dependencia, regulado polo Real Decreto 1593/2011, de 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a de atención socio-sanitaria, establecido polo Real Decreto 496/2003, do 2 de maio ou, no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
 - Certificado de profesionalidade de atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, regulado polo Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou, no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

- Certificado de profesionalidade de atención socio-sanitaria a persoas no domicilio, regulado polo Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda a domicilio, regulado no Real Decreto 331/1997, do 7 de marzo ou, no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

A parte de estar en posesión dalgunha destas cualificacións esixibles non será necesario estar en posesión de ningunha outra titulación académica oficial.

b) Estar en posesión do carné de conducir tipo B

c) Estar en posesión do nivel de CELGA 2, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e Orde do 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da Lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da Lingua Galega requirida, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega, segundo o previsto na base décima das bases xerais do proceso de estabilización, que cualificará ao/á aspirante como apto ou non apto.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos na data na que remate o prazo de presentación de instancias e deberanse manter ata o momento do seu nomeamento.

QUINTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

O sistema selectivo empregado será o de concurso-oposición. A articulación, os exercicios e probas a realizar e a cualificación dos méritos levarase a cabo de acordo ao establecido nas bases xerais que rexerán xunto coas bases específicas as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal (Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro) polo sistema de concurso-oposición, incluídas na oferta de emprego público extraordinaria da Lei 20/2021

SEXTA.- INCIDENCIAS E RÉXIME DE RECURSOS

Contra estas bases específicas, que poñen fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade coas artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo ou desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do recurso potestativo de reposición ou en que este se deba entender desestimado.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.

ANEXO I

TEMARIO

- 1.- A Constitución Española, Principios Xerais, O Municipio, A organización municipal, Competencias municipais, Organización do Concello de Ourel
- 2.- Ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Ourel.
- 3.- Mantemento, limpeza e organización do domicilio de persoas dependentes.
- 4.- Hixiene postural, mobilizacións e transferencias.
- 5.- Características e necesidades de atención hixiénico sanitarias das persoas dependentes.

Ourel, 30 de novembro de 2022.- o alcalde, José Luis Pajón Camba

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN XUNTO COAS BASES XERAIS A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE UNHA PRAZA DE LIMPADOR/A DE EDIFICIOS MUNICIPAIS COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO) POLO SISTEMA DE CONCURSO – OPOSICIÓN NO CONCELLO DE OUROL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DA LEI 20/2021

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por obxecto a regulación específica da convocatoria a través do procedemento de concurso - oposición, para a provisión en propiedade de unha praza de limpador/a de edificios municipais, prevista no cadro de persoal laboral fixo do Concello de Oourol e que foi obxecto de inclusión na Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal ao abeiro da Lei 20/2021, de 28 de decembro (BOP nº 113 de 19/05/2022).

O proceso selectivo réxese polo establecido nas presentes bases específicas e nas bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal (Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro) polo sistema de concurso-oposición, incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria da Lei 20/2021.

Trátase dunha praza de carácter estrutural, que está vacante e dotada orzamentariamente, cuxa cobertura é necesaria, e que cumpre cos requisitos para a estabilización do emprego temporal (Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

Nº de prazas: 1

Relación Xurídica: Persoal laboral fixo do Concello de Oourol

Denominación da praza: Limpador/a de Edificios Municipais

Grupo/Subgrupo de clasificación da praza: Agrupación Profesional (AP)

Xornada: Completa

TERCEIRA.- FUNCIÓNS

As funcións a desenvolver na praza de Limpador/a de Edificios Municipais serán, en termos xenéricos, as seguintes:

- Limpeza diaria de todos os edificios e instalacións municipais que sexan encomendadas a este servizo.
- Traballos de limpeza en profundidade dos centros dependentes do concello.
- Limpeza de instalacións e dependencias municipais.
- Calquera outra, directamente relacionada co posto de traballo, que lle poda ser asignada pola persoa responsable.

CUARTA.- REQUISITOS ESPECIFICOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitido neste proceso extraordinario de estabilización de emprego os/as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nas bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal (Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro) polo sistema de concurso-oposición, incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria da Lei 20/2021 e os requisitos específicos que se indican a continuación:

Requisitos específicos:

- a) Titulación: De acordo co apartado c) do art. 135, do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril; polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e coa disposición adicional sexta do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto do empregado público (EBEP), non será necesario estar en posesión de ningunha titulación académica oficial.
- b) Estar en posesión do nivel de CELGA 2, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e Orde do 10 de febreiro de 2014,

que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da Lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da Lingua Galega requerida, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega, segundo o previsto na base décima das bases xerais do proceso de estabilización, que cualificará ao/á aspirante como apto ou non apto.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos na data na que remate o prazo de presentación de instancias e deberanse manter ata o momento do seu nomeamento.

QUINTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

O sistema selectivo empregado será o de concurso-oposición. A articulación, os exercicios e probas a realizar e a cualificación dos méritos levarase a cabo de acordo ao establecido nas bases xerais que rexerán xunto coas bases específicas as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal (Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro) polo sistema de concurso-oposición, incluídas na oferta de emprego público extraordinaria da Lei 20/2021

SEXTA.- INCIDENCIAS E RÉXIME DE RECURSOS

Contra estas bases específicas, que poñen fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade coas artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo ou desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do recurso potestativo de reposición ou en que este se deba entender desestimado.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.

ANEXO I

TEMARIO

- 1.- A Constitución Española, Principios Xerais, O Municipio, A organización municipal, Competencias municipais, Organización do Concello de Ourense
- 2.- Conceptos xerais de limpeza e tipos de chans, Clases de produtos de limpeza, Produtos nocivos e corrosivos.
- 3.- Útiles e ferramentas básicas de limpeza, Áreas de limpeza, Limpeza de edificios públicos, Limpeza de despachos.
- 4.- Limpeza de ventás e cristais, Limpeza de chans, Limpeza de mobiliario, técnicas de limpeza, limpeza de aparatos informáticos.
- 5.- Medidas preventivas a adoptar polo persoas de limpeza. Actuación en caso de accidente. Aspectos ecolóxicos na limpeza. Eliminación de residuos.

Ourense, 30 de novembro de 2022.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 3534

RIBADEO

Anuncio

BASES QUE REXERÁN A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NO CONCELLO DE RIBADEO DE AUXILIARES DE ATENCIÓN SOCIOSANITARIA PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

1.- Obxecto da convocatoria

É obxecto da presente convocatoria a creación dunha bolsa de emprego na categoría de Auxiliar de Atención Sociosanitaria a efectos da súa eventual contratación temporal para cubrir as necesidades do Servizo de Axuda a Domicilio (SAD) do Concello de Ribadeo

O contrato será de carácter laboral temporal baixo a modalidade contractual prevista no art. 15 do Estatuto dos Traballadores e desenvolvida no R.D.2720/98, para cubrir as necesidades do Servizo de Atención Sociosanitaria

do Concello de Ribadeo, xeradas por dereito a vacacións e baixas laborais do persoal Auxiliar de Axuda a Domicilio de este Concello.

O contrato estará suxeito á normativa de incompatibilidades prevista para os empregados públicos na Ley 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do personal ó servizo das Administracións Públicas.

A duración previsible dos contratos será a necesaria para a cobertura das necesidades xeradas e, en concreto, para cubrir supostos como:

- Sustituir a traballadores/as ata a súa reincorporación.
- Plazas vacantes en plantilla ata que sexan cubertas polos procedementos legais establecidos ó efecto.
- Sustitución de traballadoras en situación de incapacidade temporal.
- Sustitución de vacacións, licenzas e permisos.
- Acumulación de tarefas de carácter puntual no servizo
- Calquera outra que esixa a inmediatez na contratación para a atención do servizo.

O contrato terá un período de proba de un mes (salvo nos casos en que dita persoa xa estivera traballando nestes postos de traballo no Concello de Ribadeo). O non superalo período de proba supón que esa persoa quedará eliminada da lista de forma definitiva.

2.- Normativa aplicable

O procedemento rexerese especialmente polo establecido nas seguintes normas:

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións:

RDL5/2015, de 5 de outubro de aprobado do TR da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público;

Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reformada función pública (naquelas disposicións aínda vixente se que sexan básicas),

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño.

Lei 5/1997, de 2 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Lei 2/2015 de 29 de abril do Empregado Público de Galicia

Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aunque debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.

Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña á Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia.

Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

O Real Decreto Lexislativo 2/2015 de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

3.- Características do posto de traballo.

O persoal que resulte, no seu momento, contratado realizará as tarefas de atención directa ás persoas usuarias do Servizo de Axuda a Domicilio municipal no domicilio destes, tendo como función básica a realización material dos Servizos de carácter persoal, doméstico, psicosocial e comunitario baixo a dirección dos responsables municipais do servizo.

A xornada laboral será a tempo completo ou a tempo parcial en función das necesidades do servizo e cos preceptivos descansos. Os horarios de traballo e, no seu caso, o réxime de turnos, poderán ser de mañá, de tarde, ou a xornada partida. A realización dos desplazamentos necesarios para o bon desenvolvemento do servizo a realizar serán por conta do traballador/a, independentemente do abono dos mesmo.

4.- Publicidade.

A presente convocatoria e bases publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Ribadeo, páxina web do Concello www.ribadeo.org e BOP de Lugo.

5. Requisitos dos/as participantes:

Poderán participar na Bolsa de Emprego os/as aspirantes que reúnan, á data de remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española ou cumprir co establecido no artigo 57 do R.D. Legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- d) Dispoñer da cualificación profesional establecida polos Reales Decretos seguintes: R.D. 1368/2007, de 19 de outubro e R.D. 295/2004, de 20 de febreiro. A tal efecto, consideraranse as titulacións ou os certificados de profesionalidade referidos a continuación:
1. Título de técnico en Cuidados Auxiliares de Enfermería, establecido por R. D. 546/1995, de 7 de abril.
 2. . Título de Técnico Auxiliar de Enfermería, establecido por R. D. 777/1998, de 30 de abril.
 3. . Título de Técnico Auxiliar de Clínica, establecido por R. D. 777/1998, de 30 de abril.
 4. . Título de Técnico Auxiliar de Psiquiatría, establecido por R. D. 777/1998, de 30 de abril.
 5. . Título de Técnico en Atención a Personas en situación de Dependencia, establecido por R. D. 1593/2011, de 4 de novembro.
 6. . Título de Técnico en Atención Sociosanitaria, establecido por R. D. 496/2003, de 2 de maio.
 7. . Título de Técnico Superior en Integración Social, establecido por R. D. 1074/2012 de 13 de xullo ou o título equivalente de Técnico Superior en Integración Social establecido por R. D. 2061/1995 de 22 de decembro.
 8. . Certificado de Profesionalidad de Atención Sociosanitaria a Personas Dependientes en Instituciones Sociales, regulado por R. D. 1379/2008 de 1 de agosto.
 9. . Certificado de profesionalidad de Atención Sociosanitaria a personas no Domicilio, regulado por R. D.1379/2008 de 1 de agosto, habilitante solo para o Servizo de Axuda a Domicilio.
 - 10.- Certificado de profesionalidade da ocupación de Auxiliar de Axuda a Domicilio, regulado por R. D. 331/1997 de 7 de marzo, habilitante solo para o Servizo de Axuda a Domicilio.
- e) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo.
- f) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.
- g) Cumprir, no momento de formalización do contrato laboral temporal, os requisitos esixidos na lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
- h) Estar en posesión de carnet de conducir B1 e dispoñer de vehículo propio.
- i) Posuír coñecemento do idioma galego.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación. En caso de presentar títulos en idioma estranxeiro deberán vir traducidos por Traductor-Intérprete Jurado.

Tanto as condicións que se sinalan no apartado anterior, así como os méritos que se aleguen para a súa valoración, estarán referidos, como data límite, á de finalización do prazo de presentación de instancias e deberán manterse con posterioridade ata a contratación laboral.

6.- Presentación de instancias

Os/as interesados/as en participar e formar parte desta Bolsa de Emprego presentarán instancia no modelo que aparece no Anexo I das presentes bases facendo constar que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases e dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello de Ribadeo.

Presentaranse debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do concello no prazo de **VINTE (20) días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases coa convocatoria deste procedemento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Ribadeo e web municipal.

A presentación de instancias poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo ou en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das AA.PP.

Neste caso, e co fin de axilizar os trámites, o solicitante deberá anunciar ao Concello a remisión da solicitude mediante correos electrónico a secretaria@ribadeo.org no mesmo prazo de presentación. Sen a concurrencia de ambos requisitos non serán admitidas aquelas solicitudes que sexan recibidas no Concello fora do prazo establecido.

As solicitudes que se entreguen a través da Oficina de Correos deberán presentarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario/a de correos antes de ser certificada.

Dereitos de Exame: Os interesados en participar neste proceso selectivo deberán ingresar na conta bancaria a nome do Concello IBAN nº ES40 0081 5420 3100 0100 0705 a taxa por dereitos de exame prevista na Ordenanza municipal T7 da taxa por expedición de documentos, epígrafe 8º (BOP de Lugo nº 177 de data 04/08/2022) **por importe de 15,00 €**, debendo aportar xustificante deste ingreso xunto coa solicitude de participación.

Ás instancias debidamente cubertas, achegaranse os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

-Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte. Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

-Fotocopia compulsada do carnet de conducir.

-Declaración responsable na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais esixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia)

-Copia compulsada dos méritos e circunstancias alegadas.

-Certificado médico que acredite estar apto para o desempeño das funcións.

-Os/As aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude.

7.- Admisión de aspirantes.

- Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de cinco días hábiles pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con especificación no seu caso dos motivos de exclusión.

Dita resolución publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na páx. web do concello www.ribadeo.gal

Na publicación farase constar, apelidos e nome e se é o caso, as causas que motivaron a súa exclusión.

Os/as aspirantes excluídos disporán dun prazo de (2) dous días hábiles contados a partir da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, para subsanar os defectos a que alude o art. 71 da Lei 30/92, de 26 de novembro de RXAPPAC que motivaron a súa exclusión ou omisión.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións a lista de admitidos/as quedará elevada automaticamente a definitiva. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoa ou desestimándoa e publicarase a lista definitiva no taboleiro de anuncios da Casa do Concello

- Se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva e admitidos-as/ excluídos-as, incluso unha vez aprobada a bolsa de emprego, se advirte nas solicitudes e documentación aportada polos/as aspirantes, inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, ésta se considerará defecto non subsanable e se resolverá dita exclusión. A lista modificarase recollendo a exclusión do/a aspirante, nun prazo máximo de tres días.

8.- Tribunal calificador.

Presidente: Titular: Un funcionario que terá a categoría como mínimo do subgrupo C2 ou empregado laboral fixo de similar categoría e o seu suplente.

Vogais: Titulares: Tres funcionarios coa categoría como mínimo do Subgrupo C2 ou empregados laborais de carácter fixo de similar categoría e os seus suplentes.

Secretario con voz e sen voto: Titular: O Secretario Xeral do Concello e o seu suplente correspondente.

A composición persoal do Tribunal será aprobada por Resolución da Alcaldía que se exporá ao público no taboleiro de anuncios do Concello aos efectos legais oportunos.

9.- Sistema de selección.

O sistema de selección será: Concurso e proba (teórica)

A) FASE DE CONCURSO:

Baremo de Méritos.

a) Coñecemento e experiencia profesional podendo ser valorada no seu conxunto ata un máximo de 1,5 puntos.

1. Polo tempo de prestación de servizos como operario nunha administración pública ou organismos ou entidades dependentes ou participadas pola mesma, a razón de 0,20 puntos por mes completo.

A acreditación da experiencia efectuarase documentalmente mediante certificado de servizos emitido polo órgano competente.

b) Cursos: Podendo ser valorados no seu conxunto ata un máximo de 2 puntos.

1.- Cursos relacionados co posto de traballo a desempeñar, impartidos pola Administración Pública ou Entidades dela dependentes ou homologados por éstas:

Cursos de 100 ou mais horas.....0,75 puntos.

Cursos de 70 a 99 horas.....0,50 puntos.

Cursos de 40 a 69 horas.....0,20 puntos.

Cursos de 15 a 39 horas.....0,10 puntos.

B) PROBAS.-**1.- Exercicio de idioma galego.**

Común e **obligatorio** para aqueles candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego **no nivel CELGA 3 ou equivalente**, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política linguística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos do niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen diccionario, elixido libremente polo tribunal, de castelán ao galego.

A duración da proba será de 10 minutos.

Por cada falta cometida restaranse 0,05 puntos, declarándose non aptos aqueles que cometan 20 faltas ou mais.

Este exercicio valorarase como **APTO ou NON APTO**, sendo necesario para superalo obter o resultado de APTO quedando eliminados do proceso selectivo os declarados non aptos.

***Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 2 ou superior.**

2.- Exercicio teórico.

Consistirá nun exercicio que versará sobre aspectos de coñecementos xerais sobre o funcionamento dun concello, procedemento administrativo así como sobre coñecementos específicos en relación as funcións a desenvolver no posto de traballo e prevención de riscos laborais, segundo o temario que se indica a continuación:

O tempo máximo para realizar esta proba será de 60 minutos.

Temario.

Tema 1.- A constitución española de 1978. Principios Xerais.

Tema 2. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril. Principios Xerais (Título Preliminar) e competencias de Galicia (Título II).

Tema 3.- Organización municipal. Competencias dos Concellos. O Pleno, O Alcalde.

Especial referencia ao Concello de Ribadeo (Parroquias, núcleos de poboación, servizos municipais que presta).

Tema 4.- Procedemento Administrativo Local. O rexistro de entrada e saída de documentos

Tema 5.- Dereitos e deberes dos empregados públicos. Retribucións, permisos, licenzas, incompatibilidades.

Tema 6.- Ordenanza reguladora do SAF (BOP 24/01/2015)

Tema 7.- Lei 39/2006 de Promoción de la Autonomía Personal y Atención a las personas en situación de dependencia

Tema 8.- ORDE do 22 de xaneiro de 2009 por la que se regula o servizo de axuda a domicilio. (DOG nº 22 do 02/02/2009)

Tema 9.- Orde do 19 de abril de 2013, pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2009 que regula o servizo de axuda no fogar (DOG nº 86 do 06/05/2013).

Este exercicio cualificarase polo tribunal de 0 a 10 puntos, sendo eliminados aqueles que non acaden unha puntuación mínima de 5 puntos.

10.- Resolución.

O Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ao longo do proceso selectivo, sendo a cualificación definitiva o resultado das puntuacións obtidas na fase de concurso e na proba.

En caso de empate entre varios candidatos primará o que obteña maior puntuación na fase da proba.

A dita acta publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello de Ribadeo ordenada de maior a menor puntuación e abrirase un prazo de dous días (2) hábiles para poder presentar cantas reclamacións se estimen oportunas.

De producirse algunha reclamación, transcorrido o dito prazo, o tribunal reunirse de novo para resolver as reclamacións presentadas e publicar a lista definitiva de puntuacións obtidas. No caso de que non houbera ningunha reclamación a lista inicial elevarase a definitiva.

Coa lista definitiva, o tribunal fará pública a relación de aspirantes que constituirá a Bolsa de Emprego, pola orde de puntuación obtida e elevará a proposta ao Sr. Alcalde do Concello de Ribadeo para que resolva sobre a aprobación da Bolsa de Emprego creada.

Esta Bolsa de Emprego terá unha vixencia de 2 anos dende a data da súa aprobación, prorrogable por outros 2 anos máis salvo acordo expreso contrario do órgano competente.

Aos dous anos da aprobación da bolsa poderá incorporarse novas solicitudes procedendo á valoración das mesmas en idénticas condicións que as iniciais (Fase concurso de méritos e proba teórica) e podendo actualizar méritos as persoas que xa se atopen incursas na bolsa.

1.1. Funcionamento da Bolsa de emprego.

A constitución da Bolsa de emprego non crea dereito algún a favor dos seus integrantes, salvo a do seu chamamento para a formalización do contrato temporal, que no seu caso proceda, pola orde establecida.

Cando por razóns de necesidade ou urxencia por calquera dos motivos expresados na Base 1 sexa necesario cubrir algún dos postos de referencia procederase ao chamamento pola rigorosa orde establecida na Bolsa de Emprego. As persoas que figuren na bolsa terán a obriga de concorrer ao chamamento que se realice.

Procederase á cobertura da seguinte maneira:

1. Apreciada a necesidade de persoal, o persoal técnico da área de Servizos Sociais remitirá comunicación a Alcaldía.
2. Recibida a comunicación, Alcaldía tramitará a autorización de contratación, recabando información de diversas áreas involucradas.
3. Autorizada a contratación, e localizado o/a candidato/a, efectuarase o chamamento telefónico dacordo cos datos que consten na solicitude de participación. Ofertarase ao primeiro da lista, realizándose ata dúas chamadas telefónicas cun intervalo de media hora entre cada unha delas, quen deberá contestar á oferta no prazo máximo de 24 horas hábiles dende o chamamento.

Realizado ese trámite e ben por renuncia expresa ou por incomparecencia do chamado, formularase oferta ao seguinte da lista.

Se renuncia ao posto ofertado farao constar por escrito e remitirao por e-mail, fax ou presentándoo persoalmente no rexistro municipal, no mesmo día.

Considerarase que renuncia ao posto ofertado se logo do contacto telefónico non se formula renuncia por escrito no referido prazo ou non comparece no Concello no prazo de 24 horas tras da notificación telefónica realizada dende o Concello, en cuxo caso pasará ao final da lista, salvo que o interesado manifeste expresamente a súa vontade de ser excluído da mesma.

A estes efectos os/as integrantes da bolsa están obrigados a comunicar calquera variación no teléfono de contacto.

4. En caso de urxencia, poderase contactar solo telefónicamente coa persoa aspirante, seguindo rigurosamente a orde establecida na lista. O aspirante deberá dar unha contestación no prazo máximo de 2 horas. No caso de que non se poida localizar o aspirante despois do intento de 3 chamadas telefónicas en horas distintas, procederase a chamar ao seguinte da lista, sendo o aspirante non localizado colocado na mesma posición que tiña adxudicada orixinariamente na lista de agarda.

O/a aspirante integrado na lista de agarda, sexa chamado para cubrir unha vacante e xustifique a imposibilidade de incorporación efectiva, continuará na lista de agarda na mesma posición que ocupaba inicialmente. En estes casos, a persoa aspirante quedará en situación de suspensión de chamada ata que finalice as causas alegadas, en cuxo caso, deberá comunicarlo por escrito, inexcusablemente, pois, do contrario, non será chamado para as seguintes ofertas de traballo, que por orden de prelación lle correspondan.

No expediente administrativo correspondente deberá constar a dilixencia na que se reflexará a data e horas de chamada telefónica, así como a resposta obtida.

5. Durante a vixencia da Bolsa de Emprego, a formalización do cese da persoa contratada temporalmente por necesidades do servizo, supón a súa reintegración na mesma orde de prelación que lle correspondía orixinariamente.

Son causas de exclusión da presente bolsa de emprego, as seguintes:

- a) A renuncia voluntaria do/a interesado/a, que deberá constar expresamente.
- b) Atoparse separado do servizo mediante expediente disciplinario.

- c) A non superación do período de proba, que será de un mes. Non caberá esixir o período de proba cando a persoa aspirante xa teña traballado con anterioridade e en similares condicións.
- d) O rechazo inxustificable da oferta de emprego.

Serán causas xustificadas de renuncia a unha oferta, e polo tanto non se penalizará ó integrante da bolsa, quedando non dispoñible ata que finalice a situación que motivou o rechazo da oferta, as seguintes:

- a) Estar en período de descanso maternal ou de adopción, acreditado por certificado de nacemento ou libro de familia.
- b) Estar en situación de incapacidade temporal, acreditado por certificado médico.
- c) Falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grado, acreditado por certificado médico.
- d) Estar traballando mediante contrato ou nombramento no momento do chamamento, debendo aportar copia do mesmo.
- e) Calquera outra situación de carácter extraordinario a xuízo da entidade local.

A presentación da documentación xustificativa de calquera das circunstancias anteriores deberá ser presentada no prazo máximo de 1 día hábil a contar dendo o seguinte ao chamamento efectuado polo Concello de Ribadeo.

Non obstante teranse en conta no chamamento as limitacións legalmente establecidas en canto á utilización da contratación laboral temporal nestas modalidades contractuais e en todo caso o límite máximo por contrato será de 6 meses.

12.- Contratación ou chamamento

O/a aspirante seleccionado/a, de xeito previo á sinatura do contrato deberá xustificar e presentar a seguinte documentación:

- DNI ou equivalente no caso de tratarse de aspirantes estranxeiros.
- **Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.**
- Fotocopia da cartilla da Seguridade Social
- Número de conta corrente.

Quedarán condicionada a validez e suspendida a eficacia do contrato ata que os aspirantes seleccionados presenten a requirida documentación.

Igualmente, deberá ben de xeito previo á sinatura do contrato ou durante o período de probas, no seu caso, realizarse o recoñecemento médico a través dos servizos médicos de prevención do Concello de Ribadeo.

13. Recursos e reclamacións

A presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven destas poderán ser impugnados polos/as interesados/as da forma legalmente prevista na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O Tribunal estará cualificado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten durante o proceso selectivo.

14. Vixencia da bolsa de emprego.

Esta Bolsa de Emprego terá unha vixencia de 2 anos dende a data da súa aprobación, prorrogable por outros 2 anos máis salvo acordo expreso contrario do órgano competente.

Ao cabo de dous anos a bolsa poderá abrirse para a incorporación de novos/as aspirantes nas mesmas condicións que as iniciais, debendo superar fase concurso-oposición. Se o número de persoas existentes na lista e as súas circunstancias non permiten que a mesma sexa operativa, poderá reducirse esa vixencia e publicar unha nova convocatoria, en calquera momento.

Para o non previsto nas presentes bases, estarase ó disposto a lexislación de réxime local, en especial ao relativo á selección de personal e réxime de recursos, aplicándose, de maneira supletoria, a lexislación do Estado e da CC.AA en materia de selección de personal.

Ribadeo, 30 de novembro de 2022.- O Alcalde-Presidente, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NA BOLSA DE EMPREGO PARA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL.-

D./D^a.....maior de idade, con DNIe con domicilio a efectos de notificacións na rúa ou lugar de..... e número de teléfono.....

EXPÓN

Que estando convocadas probas selectivas para a constitución dunha Bolsa de Emprego na categoría de **AUXILIAR DE ATENCIÓN SOCIO SANITARIA** do Concello de Ribadeo,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

- 1.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases para poder participar na proba selectiva.
- 2.- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- 3.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- 4.- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determina a vixente lexislación.

SOLICITA:

Tendo por presentada a presente solicitude dentro do prazo concedido ao efecto ser admitido para tomar parte nas probas selectivas para o acceso á Bolsa de emprego de referencia.

Á presente solicitude acompáñase: fotografía a cor tamaño carné, unha fotocopia do DNI, pasaporte ou documento equivalente, certificado médico e os documentos que acreditan o cumprimento dos requisitos e dos méritos profesionais e académicos requeridos.

Ribadeo,de de 20.....

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBADEO.-

Ribadeo, 30 de novembro de 2022.- O Alcalde-Presidente, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3535
